

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA UN E AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Cristina Pardo Portos
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo
D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

Secretario:

D. José Villán Fuertes

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás dez horas e cinco minutos (10:05 h) do día un de agosto de dous mil vinte e tres (01/08/2023), reúnese en sesión extraordinaria e urxente o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 1405 do 28/07/2023, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario e pola Interventora municipais.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do único asunto incluído na Orde do Día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

De seguido intervén o Sr. alcalde e di que o primeiro é votar o pronunciamento sobre a urxencia desta convocatoria e do asunto incluído na orde do día, constando na resolución da Alcaldía de convocatoria desta sesión o seguinte:

«A urxencia da convocatoria está motivada polo seguinte:

"1.-El art. 46.2 b) de la LRBRL, establece que "Las sesiones plenarias han de convocarse, al menos, con dos días hábiles de antelación, salvo las extraordinarias que lo hayan sido con carácter urgente, cuya convocatoria con este carácter deberá ser ratificada por el Pleno. La documentación íntegra de los asuntos incluidos en el orden del día, que deba servir de base al debate y, en su caso, votación, deberá figurar a disposición de los Concejales o Diputados, desde el mismo día de la convocatoria, en la Secretaría de la Corporación".

2.-Por su parte, el art. 48.2 del TRRL, establece que "La convocatoria de sesión extraordinaria del Pleno de las Corporaciones locales habrá de hacerse, al menos, con dos días de antelación al de su celebración, salvo en supuestos de urgencia debidamente motivada y con expresión de los asuntos a que se han de circunscribir las deliberaciones y acuerdos, sin que puedan tratarse otros distintos". Asimismo, el art. 80 del ROF, indica que la convocatoria de las sesiones extraordinarias deberá ser motivada, y que entre la convocatoria y la celebración de la sesión no pueden transcurrir menos de dos días hábiles, salvo en el caso de las sesiones extraordinarias urgentes.

3.- El art. 38 ROF señala que dentro de los treinta días siguientes al de la sesión constitutiva, el Alcalde convocará la sesión o sesiones extraordinarias del Pleno de la Corporación de carácter organizativo; y así lo prescribe igualmente el art. 78.1 ROF.

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

A mi juicio, el ROF es una norma administrativa y no electoral, y, por lo tanto, entiendo de aplicación el art. 30.2 LPACAP y no el art. 119 LOREG, por lo que considero que son días hábiles.

4.- Con respecto a la existencia objetiva de urgencia, implica para los tribunales de justicia, que existan razones excepcionales de premura en los asuntos que se vayan a debatir, de tal modo que éstos no admitan demora alguna. En este caso concreto, la urgencia proviene del carácter mismo de la cuestión que se somete al Pleno urgente, dado el agotamiento del plazo legalmente establecido al efecto.»

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que se convoca a sesión que se está a celebrar no último día dos previstos na normativa para o pleno de organización que son trinta días hábiles desde o pleno de constitución da Corporación, o 17 de xuño. O Sr. Alcalde esgotou o prazo previsto e o fixo cunha tramitación bastante chapuceira, pois convocouse aos voceiros dos distintos grupos municipais a unha xunta de voceiros para fixar a orde desta sesión plenaria, cando xa estaba convocada. Supon unha contradición que se convoque unha xunta de voceiros para o luns 31 de xullo e se convoque o Pleno correspondente o venres 28 co carácter de extraordinario e urxente. O o motivo da urxencia non pode ser a incapacidade do Sr. Alcalde de tramitar en tempo, se empeza mal e isto é unha gran chapuza. Estamos ante unha forma de facer as cousas que xa avanza que o goberno municipal non só non pretende cambiar nada e non fai autocrítica, senón que se reafirma nos seus modos, nas súas formas. Por estes motivos anuncia que o voto do seu Grupo vai ser de abstención.

C.I.F. P-1503100-H

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia da sesión e dos asuntos incluídos na orde do día, resulta aprobada con dezasete (17) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Partido Popular de Culleredo (7), e Alternativa dos Veciños (2), e catro (4) abstencións, as dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo.

2.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES

2.1.- Borrador da acta da sesión constitutiva da Corporación, de data 17 de xuño de 2023

Sometido a votación, por unanimidade dos concelleiros e concelleiras asistentes á sesión, o Pleno municipal aproba o borrador da acta da sesión constitutiva da Corporación celebrada o 17/06/2023.

2.2.- Borrador da acta da sesión extraordinaria de data 26 de xuño de 2023

Sometido a votación, por vinte (20) votos a favor e unha (1) abstención, da concelleira do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu (por non estar presente na sesión), o Pleno municipal aproba a acta da sesión extraordinaria celebrada o 26/06/2023.

3.- DACIÓN DE CONTA CONSTITUCIÓN GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

O Sr. alcalde dá conta aos membros da Corporación de que, de acordo co previsto no artigo 75 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia, do art. 27 do Regulamento Orgánico Municipal e do art. 24 do Real Decreto 2568/1986 que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se constituíron os seguintes grupos políticos no Concello de Culleredo para o mandato corporativo que se iniciou coa constitución da Corporación o pasado 17 de xuño de 2023:

- **Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia, PSOE** (registro de entrada núm. 7143/2023 de 22/06/2023):

Don José Ramón Rioboo Castro
D^a Cristina Pardo Portos
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Voceira: D^a. Marta María Figueroa Fuentes
Voceira suplente: D^a. Cristina Pardo Portos

- **Grupo Municipal do Partido Popular, PP** (registro de entrada núm. 7153/2023 de 22/06/2023):

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo
D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Voceira: D^a. Izaskun García Gorostizu
Voceiros suplentes:
Suplente 1: D. Marco Antonio Pazos Regueiro
Suplente 2: D. Juan Carlos Leites Maneiro

● **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, BNG** (registro de entrada núm. 7079/2023 de 21/06/2023):

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez

Voceiro: D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
Voceiros suplentes:
Suplente 1^o.- Beatriz Pérez Mosquera
Suplente 2^o.- Gonzalo Méndez Mosqueira
Suplente 3^o.- Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez

● **Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, AV** (registro de entrada núm. 7142/2023 de 22/06/2023):

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

Voceira titular: D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
Voceiro suplente: D. Miguel Fraga Pulleiro»

C.I.F. P-1503100-H

4.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DO SR. ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CREACIÓN DE ÁREAS E DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS.

Seguidamente dáse conta ao Pleno das resolucións da Alcaldía que de seguido se transcriben:

Resolución nº 1199/2023, do 22 de xuño de 2023 (BOP número 122, de data 28/06/2023), que transcrita literalmente di:

«Resolución.- Nomeamento de Tenentes de Alcalde – Mandato Corporativo 2023-2027

1.- Os Tenentes de Alcalde son órganos de carácter necesario no Concello, conforme co art. 20.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, co art. 59.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo de administración local de Galicia, e co art. 35.2 do Real

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

2.- Segundo os arts. 23.3 da Lei 7/1985, 62.1 da Lei 5/97 e 46 do Real decreto 2568/1986, os tenentes de Alcalde son libremente nomeados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

3.- Conforme co art. 46 do Real decreto 2568/1986, os nomeamentos se farán mediante resolución do Alcalde da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais, persoalmente aos designados e se publicarán no "Boletín Oficial" da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución polo Alcalde se nela non se dispón outra cousa.

Constituída a Corporación Municipal de Culleredo o derradeiro 17 de xuño e de acordo co previsto nos artigos 61.2 e 62 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 46 e 47 do RD 2568/1986, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde, e pola orde que de seguido se indica, aos Concelleiros seguintes:

- 1) Primeira Tenente de Alcalde, Dona Cristina Pardo Portos.
- 2) Segunda Tenente de Alcalde, Dona Marta María Iglesias Becerra.
- 3) Terceira Tenente de Alcalde, Dona Marta Figueroa Fuentes.
- 4) Cuarto Tenente de Alcalde, Don Carlos Liñares Gestal.
- 5) Quinta Tenente de Alcalde, Dona María Penélope López Díaz.
- 6) Sexto Tenente de Alcalde, Don Juan Carlos Iglesias Lovelle.
- 7) Sétimo Tenente de Alcalde, Don Mario Alfonso Iglesias Gómez.

Segundo.- Segundo este nomeamento, correspóndelles ós Concelleiros citados substituír ó Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento legal que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións de Alcalde nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

No caso de ausencia por máis de vinte e catro horas e sen haber delegado, ou ante a imposibilidade de outorgala por causa imprevista, o tenente de alcalde correspondente substituirá ao alcalde na totalidade das súas funcións, dando conta ao resto da Corporación.

O tenente de alcalde substituirá automaticamente ao alcalde na Presidencia si durante a celebración dunha sesión debese absterse de intervir nalgún punto concreto da mesma, segundo o previsto no artigo 76 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terceiro.- Déase conta deste Decreto ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados.

Publíquese no Boletín Oficial da Provincia, conforme co artigo 44 do do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986,

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

do 28 de novembro), e sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura da presente Resolución.»

Resolución nº 1200/2023, do 22 de xuño de 2023 (BOP número 122, de data 28/06/2023), que transcrita literalmente di:

«Resolución.- Xunta de Goberno Local, designación de membros.

1.- Os arts. 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o art. 65 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), e o art. 35.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), establecen que a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello e se integra polo Alcalde-Presidente e un número de Concelleiros/as non superior ó tercio do número legal de membros da Corporación, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

2.- De conformidade coa lexislación citada, a Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións cando non se encontren comprendidas nos supostos previstos no art. 21.3 da Lei 7/1985 (LBRL) e no art. 9.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público na que se regulan as competencias que non poden ser obxecto de delegación.

A Alcaldía, en uso das facultades que lle confiren os arts. 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985 (LBRL), pode establecer un réxime de delegacións de competencias a favor da Xunta de Goberno Local.

Constituída a Corporación Municipal do Concello de Culleredo na sesión celebrada o pasado 17 de xuño de 2023, de conformidade co establecido nos arts. 59.2 b) e 65 da Lei 5/1997 (LALGA), nos arts. 21.3 e 23.1 da lei 7/1985 (LBRL), e nos arts. 41.3, 46 e 52 do RD. 2568/1986 (ROF), en uso das atribucións legalmente conferidas

RESOLVO:

Primeiro.- Constituír a Xunta de Goberno, órgano colexiado municipal de carácter resolutorio, presidida polo Alcalde, que estará integrada por sete concelleiros, número non superior ó tercio do número legal dos mesmos e que se relacionan a continuación:

Presidencia:

- Alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

Vogais:

- Dona Cristina Pardo Portos, Primeira Tenente Alcalde.
- Dona Marta María Iglesias Becerra, Segunda Tenente de Alcalde.
- Dona Marta Figueroa Fuentes, Terceira Tenente de Alcalde.
- Don Carlos Liñares Gestal, Cuarto Tenente Alcalde.
- Dona María Penélope López Díaz, Quinta Tenente de Alcalde.
- Don Juan Carlos Iglesias Lovelle, Sexto Tenente de Alcalde.

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- *Don Mario Alfonso Iglesias Gómez, Sétimo Tenente de Alcalde.*

Segundo.- *Esta Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria os luns de cada semana, ás 13:30 horas, na Sala de Comisións da Casa Consistorial do Concello de Culleredo.*

No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas xustificadas.

Así mesmo a Xunta de Goberno Local celebrará sesión con carácter extraordinario cando o considere oportuno esta Alcaldía, por propia iniciativa, ou a instancia da cuarta parte dos seus membros.

Terceiro.- *A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:*

1.- *A asistencia ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.*

2.- *As atribucións que esta Alcaldía delega en forma expresa e que se relacionan a continuación:*

2.1.- *Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.*

2.2.- *Aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.*

2.3.- *As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, todo elo nos termos previstos na normativa de urbanismo e ordenación do territorio de Galicia.*

Aprobación do expediente de delimitación do solo de núcleo rural, segundo o establecido no art. 78 da Lei 2/2016 do Solo e Urbanismo de Galicia.

Cuarto.- *Todo canto antecede o é sen prexuízo das avocacións que, no seu caso, puideran disporse pola Alcaldía, de maneira motivada e mediante resolución formal, de acordo có previsto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público; e das facultades de asesoramento e dictamen que reserva á Xunta de Goberno Local o art. 23 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.*

As atribucións delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de seren delegadas en ningún outro órgano.

Quinto.- *Non é delegable a resolución dos recursos administrativos que se interpoñan contra os actos dictados por delegación.*

Sexto.- *O réxime dos acordos dictados por delegación será o establecido pola Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local e Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

No texto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en virtude desta delegación, terase que facer constar esta circunstancia mediante a inclusión, na parte expositiva, dunha referencia á resolución de delegación.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes á firma deste Decreto, de conformidade có sinalado no art. 112.1 do R.D. 2568/1986.

Oitavo.- Dar conta a tódolos servizos municipais e ó Pleno da presente resolución na primeira sesión que celebre, e notificar a mesma persoalmente ós designados membros da Xunta de Goberno Local

Publicar esta resolución no B.O.P. de A Coruña, en cumprimento do disposto no art. 44.2 do RD 2568/86, do 28 de novembro, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.»

Resolución nº 1260/2023, do 04 de xullo de 2023 (BOP número 131, de data 11/07/2023), que transcrita literalmente di:

«RESOLUCIÓN

Áreas de goberno local. Delegacións xenéricas das áreas de goberno local. Mandato corporativo 2023-2027. Corrección de erros materiais. Texto refundido.

No BOP núm. 124 do 30/06/2023 (núm. anuncio 2023/5156) foi publicada a parte dispositiva da resolución da Alcaldía núm. 1225 do 26/06/2023 referida a "Áreas de goberno local. Delegacións xenéricas das áreas de goberno local. Mandato corporativo 2023-2027".

Detectáronse os seguintes erros e omisións nesa resolución 1225, de data 26/06/2023.

1.- No resolutivo primeiro, apartado 2.1, na Área de Participación Cidadá e Deportes, debe incluírse dentro das materias que xestiona a área, os centros educativos e o Conservatorio de Música.

Así no resolutivo primeiro, apartado 2.1, onde di:

"2.- Área de Participación cidadá e Deportes.

2.1.- Esta área xestiona as políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

- Participación cidadá
- Voluntariado
- Impulso e coordinación do asociacionismo municipal
- Rexistro de asociacións
- Xuventude
- Educación
- Deportes"

Debe dicir

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

"2.- Área de Participación Cidadá e Deportes.

2.1.- Esta área xestiona as políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

- Participación cidadá
- Voluntariado
- Impulso e coordinación do asociacionismo municipal
- Rexistro de asociacións
- Xuventude
- Educación
- Centros educativos
- Conservatorio de Música
- Deportes"

2.- No resolutivo primeiro, apartado 3.2, subapartado B, "na materia de facenda", letra a), de acordo co art. 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), onde di:

"B.- Na materia de Facenda:

a) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado polo Pleno, disposición de gastos, dentro dos límites sinalados á competencia da Alcaldía no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 177.5 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sempre que estean previstas no orzamento e o seu importe non supere o establecido na normativa aplicable, así como as operacións de tesourería dentro dos límites que as normas en vigor atribúan ó Alcalde."

C.I.F. P-1503100-H

Debe dicir:

"B.- Na materia de facenda:

a) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado polo Pleno, disposición de gastos dentro dos límites sinalados á competencia da Alcaldía, concertar as operacións de tesourería dentro dos límites que as normas en vigor atribúan ó alcalde."

3.- No resolutivo primeiro, apartado 4.2, e en concordancia coa denominación da área, onde di:

"4.2.- Delégase na Concelleira, dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira Tenente de Alcalde, a dirección política da área de Cohesión social, Recursos humanos e Persoal..."

Debe dicir:

"4.2.- Delégase na concelleira, dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de alcalde, a dirección política da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior..."

4.- No resolutivo primeiro, apartado 4.2, subapartado B, e en concordancia coa denominación da área, onde di:

"B) Na materia de Política social".

Debe dicir:

"B) Na materia de cohesión social".

5.- No resolutivo primeiro, apartado 4.2, subapartado C, "en materia de recursos humanos", letra i), de acordo co art. 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), onde di:

"C) En materia de Recursos humanos.

i) Instruír e resolver os procedementos sancionadores en materia disciplinaria do persoal funcionario ou laboral do Concello".

Debe dicir:

"C) En materia de recursos humanos.

i) Instruír e resolver os procedementos sancionadores en materia disciplinaria do persoal funcionario ou laboral do Concello, salvo a separación do servizo dos funcionarios da Corporación e o despido do persoal laboral.

6.- No resolutivo primeiro, apartado 5.2, onde di:

"área de Transición ecolóxica, Obras e Servizos"

Debe dicir:

"Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos Públicos"

7.- No resolutivo primeiro, apartado 5.2, subapartado B, "en materia de transición ecolóxica, obras e servizos públicos", letra a), de acordo co artigo 21.1.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), onde di:

"B) En materia de transición ecolóxica, obras e servizos públicos:

a) A aprobación dos proxectos de obras municipais e dos plans de seguridade e saúde destas.

Debe dicir:

"B) En materia de transición ecolóxica, obras e servizos públicos:

a) A aprobación dos proxectos de obras municipais, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión a alcaldía e estean previstos no orzamento, e dos plans de seguridade e saúde destas.

8.- No resolutivo primeiro, apartado 5.2, subapartado B, Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos Públicos, onde di:

"B) En materia de Transición ecolóxica, Obras e Servizos:

a) A aprobación dos proxectos de obras municipais e dos plans de seguridade e saúde destas.

b) A concesión de licenzas para posesión de animais potencialmente perigosos.

c) Transporte público de persoas e xestión de expedientes de mobilidade.

- d) Ditar ordes de execución en relación ao deber de conservación, uso e rehabilitación de fincas e cunetas.
e) Autorizacións de vados."

Debe dicir:

"B) En materia de transición ecolóxica, obras e servizos públicos:

- a) A aprobación dos proxectos de obras municipais e dos plans de seguridade e saúde destas.
b) Transporte público de persoas e xestión de expedientes de mobilidade.
c) Ditar ordes de execución en relación ao deber de conservación, uso e rehabilitación de fincas e cunetas.
d) Autorizacións de vados.

C) A concesión de licenzas para posesión de animais potencialmente perigosos."

De acordo co art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC), e en uso das competencias legalmente atribuídas, RESOLVO:

Primeiro.- Corrixir na resolución da Alcaldía núm. 1225/2023 do 26/06/2023, "Áreas de goberno local. Delegacións xenéricas das áreas de goberno local. Mandato corporativo 2023-2027", os seguintes erros materiais:

1.- No resolutivo primeiro, apartado 2.1, na Área de Participación Cidadá e Deportes, debe incluírse dentro das materias que xestiona a área, os centros educativos e o Conservatorio de Música.

Así no resolutivo primeiro, apartado 2.1, onde di:

"2.- Área de Participación cidadá e Deportes.

2.1.- Esta área xestiona as políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

- Participación cidadá
- Voluntariado
- Impulso e coordinación do asociacionismo municipal
- Rexistro de asociacións
- Xuventude
- Educación
- Deportes"

Debe dicir:

"2.- Área de Participación Cidadá e Deportes.

2.1.- Esta área xestiona as políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

- Participación cidadá
- Voluntariado
- Impulso e coordinación do asociacionismo municipal
- Rexistro de asociacións
- Xuventude

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- *Educación*
- *Centros educativos*
- *Conservatorio de Música*
- *Deportes*

2.- *No resolutivo primeiro, apartado 3.2, subapartado B, "na materia de facenda", letra a), de acordo co art. 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), onde di:*

"B.- Na materia de Facenda:

a) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado polo Pleno, disposición de gastos, dentro dos límites sinalados á competencia da Alcaldía no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 177.5 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sempre que estean previstas no orzamento e o seu importe non supere o establecido na normativa aplicable, así como as operacións de tesourería dentro dos límites que as normas en vigor atribúan ó Alcalde."

Debe dicir:

"B.- Na materia de facenda:

a) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado polo Pleno, disposición de gastos dentro dos límites sinalados á competencia da Alcaldía, concertar as operacións de tesourería dentro dos límites que as normas en vigor atribúan ó alcalde."

C.I.F. P-1503100-H

3.- *No resolutivo primeiro, apartado 4.2, e en concordancia coa denominación da área, onde di:*

"4.2.- Delégase na Concelleira, dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira Tenente de Alcalde, a dirección política da área de Cohesión social, Recursos humanos e Persoal..."

Debe dicir:

"4.2.- Delégase na concelleira, dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de alcalde, a dirección política da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior..."

4.- *No resolutivo primeiro, apartado 4.2, subapartado B, e en concordancia coa denominación da área, onde di:*

"B) Na materia de Política social".

Debe dicir:

"B) Na materia de cohesión social".

5.- *No resolutivo primeiro, apartado 4.2, subapartado C, "en materia de recursos humanos", letra i), de acordo co art. 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), onde di:*

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

"C) En materia de Recursos humanos.

i) Instruír e resolver os procedementos sancionadores en materia disciplinaria do persoal funcionario ou laboral do Concello".

Debe dicir:

"C) En materia de recursos humanos.

i) Instruír e resolver os procedementos sancionadores en materia disciplinaria do persoal funcionario ou laboral do Concello, salvo a separación do servizo dos funcionarios da Corporación e o despido do persoal laboral".

6.- No resolutivo primeiro, apartado 5.2, onde di:

"área de Transición ecolóxica, Obras e Servizos"

Debe dicir:

"Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos Públicos"

7.- No resolutivo primeiro, apartado 5.2, subapartado B, "en materia de transición ecolóxica, obras e servizos públicos", letra a), de acordo co artigo 21.1.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), onde di:

"B) En materia de transición ecolóxica, obras e servizos públicos:

a) A aprobación dos proxectos de obras municipais e dos plans de seguridade e saúde destas.

Debe dicir:

"B) En materia de transición ecolóxica, obras e servizos públicos:

a) A aprobación dos proxectos de obras municipais, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión a alcaldía e estean previstos no orzamento, e dos plans de seguridade e saúde destas.

8.- No resolutivo primeiro, apartado 5.2, subapartado B, Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos Públicos, onde di

"B) En materia de Transición ecolóxica, Obras e Servizos:

a) A aprobación dos proxectos de obras municipais e dos plans de seguridade e saúde destas.

b) A concesión de licenzas para posesión de animais potencialmente perigosos.

c) Transporte público de persoas e xestión de expedientes de mobilidade.

d) Ditar ordes de execución en relación ao deber de conservación, uso e rehabilitación de fincas e cunetas.

e) Autorizacións de vados."

Debe dicir

"B) En materia de transición ecolóxica, obras e servizos públicos:

- a) A aprobación dos proxectos de obras municipais e dos plans de seguridade e saúde destas.
- b) Transporte público de persoas e xestión de expedientes de mobilidade.
- c) Ditar ordes de execución en relación ao deber de conservación, uso e rehabilitación de fincas e cunetas.
- d) Autorizacións de vados.

C) A concesión de licenzas para posesión de animais potencialmente perigosos."

Segundo.- Aos efectos de maior claridade, manexo polos diferentes servizos, publicidade e transparencia, refúndese nun único texto a resolución corrixida cuxa parte dispositiva pasa a ter o seguinte tenor literal:

«RESOLVO:

Primeiro.- Crear as áreas de goberno local que se indicarán e que comprenden os correspondentes sectores de actividade que se sinalen.

Efectuar a favor dos Sres/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local e tenentes de alcalde as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas que se relacionan, nos termos do artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF):

1.- Área de Presidencia, Planificación e Seguridade Cidadá

1.1.- Á Área de Presidencia correspóndelle a xestión das políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

- As relacións institucionais e cos medios de comunicación e información
- Protocolo
- Planificación estratéxica e fondos europeos
- Comunicación social (web municipal, redes sociais, radio e publicacións municipais)
- Seguridade cidadá e protección civil.
- Administración electrónica e novas tecnoloxías.

1.2.- A **Alcaldía** asumirá directamente a dirección da **Área de Presidencia, Planificación e Seguridade Cidadá** e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á devandita área

1.3.- Corresponderá á **Alcaldía**, a través da Área de Presidencia, a dirección e coordinación do funcionamento das diferentes áreas municipais, e todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscrición a unha área determinada dunha concreta materia.

2.- Área de Participación Cidadá e Deportes.

2.1.- Esta área xestiona as políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- *Participación cidadá*
- *Voluntariado*
- *Impulso e coordinación do asociacionismo municipal*
- *Rexistro de asociacións*
- *Xuventude*
- *Educación*
- *Centros educativos*
- *Conservatorio de Música*
- *Deportes*

2.2.- Delégase na concelleira dona **Cristina Pardo Portos, primeira tenente de alcalde**, a dirección política da **Área de Participación Cidadá e Deportes**, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

A) De xeito xenérico:

a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas.

c) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

B) En materia de participación cidadá:

a) A resolución das solicitudes de subvencións e axudas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento (no exercicio 2023 regulado nas bases 12 e 13 das de execución do orzamento).

b) Autorización do uso de locais municipais ás asociacións, veciños e outras entidades.

3.- Área de Economía, Facenda e Urbanismo.

3.1.- Esta área comprende a xestión das políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- Xestión económica e orzamentaria
- Facenda local
- Contratación
- Patrimonio
- Urbanismo

3.2.- Delégase na concelleira dona **Marta María Iglesias Becerra, segunda tenente de alcalde**, a dirección política da **Área de Economía, Facenda e Urbanismo**, así como o exercicio das seguintes atribucións da **Alcaldía**, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

A) De xeito xenérico:

a) Tódalas competencias atribuídas á **Alcaldía** e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á **Alcaldía** ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas .

c) A sinatura de propostas dirixidas á **Alcaldía**, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación, agás en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial que se reserva á **Alcaldía**.

B.- Na materia de facenda:

a) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado polo Pleno, disposición de gastos dentro dos límites sinalados á competencia da **Alcaldía**, concertar as operacións de tesourería dentro dos límites que as normas en vigor atribúan ó alcalde.

b) A autorización, disposición de gastos, recoñecemento de obrigas e ordenación de pagamentos e a rendición de contas, de acordo co disposto pola Lei reguladora das facendas locais, agás os gastos e obrigas relativos a subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro e axudas/subvencións a particulares na materia de cohesión social.

c) A concesión de pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa, de acordo co estipulado na normativa reguladora das facendas locais e nas bases de execución do orzamento

d) O exercicio das facultades que corresponden á **Alcaldía** en materia de xestión tributaria e recadación.

C.- Na materia de contratación

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

a) A aprobación de expedientes, adxudicación e formalización de contratos e concesións de toda clase dentro dos límites cuantitativos e temporais que para o alcalde establece a normativa vixente.

b) Exercer as facultades e prerrogativas que lle corresponden ó órgano de contratación nos contratos ós que se refire o apartado anterior

c) A aprobación das certificacións de obra e das facturas.

D.- Na materia de patrimonio

a) A adquisición de bens e dereitos dentro dos límites que para a competencia do alcalde sinala a normativa vixente.

b) O exercicio das potestades de defensa dos bens públicos que atribúe ó Concello a normativa aplicable, dentro dos límites de competencia da Alcaldía

c) O exercicio das facultades atribuídas ó alcalde para a administración dos bens municipais

d) A reclamacións por danos causados a bens integrantes do patrimonio municipal.

e) A elaboración e xestión do inventario municipal de bens, dereitos e obrigas, de acordo co disposto na normativa específica aplicable.

f) O exercicio das facultades atribuídas ó alcalde nos procedementos de expropiación forzosa, agás nos casos de expropiacións urbanísticas.

E.- Na materia de urbanismo.

a) Outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas en uso das competencias municipais de intervención no uso e edificación do solo, comunicacións previas, declaracións responsables de obras e actividades, de acordo coa normativa vixente, prórrogas de licenzas, cambios de titularidade, declaracións de caducidade e resolución de cantos incidentes se produzan nos expedientes de obras maiores, menores, usos, parcelacións, de primeira ocupación ou calquera outra actuación relacionada.

b) A concesión de licenzas para o exercicio de actividades.

c) Ditar ordes de execución en relación ao deber de conservación, uso e rehabilitación, agás as relativas ao deber de conservación, uso e rehabilitación de fincas e cunetas.

d) Ditar actos de trámite e resolución de expedientes de declaración de ruína .

e) Ditar actos de trámite e actos definitivos en materia de protección e reposición da legalidade urbanística, incluída a adopción de medidas cautelares, a imposición de multas coercitivas ou outros medios de execución subsidiaria.

f) Autorizar a devolución de garantías prestadas para garantir as obrigas de urbanizar.

g) As atribucións conferidas ao alcalde nos procedementos de expropiación por razóns urbanísticas.

h) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento (no exercicio 2023 regulado nas bases 12 e 13 das de execución do orzamento).

i) O exercicio da potestade sancionadora en materia urbanística, de acordo coa súa normativa específica.

4.- Área de Cohesión Social, Recursos Humanos, e Réxime Interior.

4.1.- A esta Área correspóndelle a xestión das políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

- *Diversidade e Igualdade*
- *Servizos sociais básicos persoais*
- *Servizos sociais básicos de acción comunitaria*
- *Servizos sociais específicos*
- *Recursos humanos*
- *Réxime Interior*

4.2.- Delégase na concelleira, dona **Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de alcalde**, a dirección política da **Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior** así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

A) De xeito xenérico:

a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas.

c) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación.

B) Na materia de cohesión social:

a) A resolución dos procedementos de solicitudes de prestacións sociais.

b) A resolución das solicitudes de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

c) A resolución das solicitudes de subvencións e axudas a particulares en materias incluídas dentro do ámbito da delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento (no exercicio 2023 regulado nas bases 12 e 13 das de execución do orzamento).

C) En materia de recursos humanos

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- a) O exercicio das atribucións que correspondan nos procedementos de selección de persoal funcionario, de carreira ou interino, e laboral, permanente ou temporal non delegadas por esta Alcaldía noutros órganos de goberno.
- b) O exercicio das atribucións que correspondan nos concursos de provisión de postos de traballo do Concello (temporais ou definitivos) non delegados noutros órganos de goberno, agás os relativos a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- c) A distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas, referidas a complemento de produtividade, gratificacións individuais, horas extraordinarias, quilometraxe do persoal, indemnizacións, dietas por asistencias a tribunais ou comisións de selección, asistencias a sesións de órganos colexiados de goberno, comisións informativas, comisión especial de contas, mesa de contratación, xunta de voceiros polos membros da Corporación; agás as referidas á policía local reservadas á Alcaldía.
- d) A resolución das solicitudes de permisos, vacacións e licenzas do persoal, agás as relativas aos funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional, que corresponderán á Alcaldía.
- e) As resolucións relativas ás situacións administrativas do persoal, así como as referentes a recoñecemento de servizos previos, de consolidación de grao persoal, e trienios, agás nos casos de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, que corresponderá á Alcaldía.
- f) A concesión de anticipos ao persoal.
- g) O nomeamento de persoal funcionario, de carreira e interino.
- h) A formalización dos contratos do persoal laboral, así como as súas prórrogas.
- i) Instruír e resolver os procedementos sancionadores en materia disciplinaria do persoal funcionario ou laboral do Concello, salvo a separación do servizo dos funcionarios da Corporación e o despido do persoal laboral.
- j) As resolucións sobre materias de acción social.
- k) A sinatura dos certificados de servizos previos do persoal ao servizo do Concello.
- l) No ámbito concreto das súas materias, terá a competencia para adoptar os actos de autorización, disposición e recoñecemento das obrigas de gastos a favor dos terceiros salvo que conste delegación ou atribución expresa noutro órgano. Todo elo sen prexuízo do expresamente reservado pola normativa noutros órganos municipais.

C.I.F. P-1503100-H

5.- Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos Públicos.

5.1.- Esta área xestiona as políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

- Medio ambiente
- Mantemento do término municipal
- Obras públicas
- Servizos públicos

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- *Mobilidade*
- *Xestión da utilización da vía pública.*
- *Autorizacións relativas á posesión de animais potencialmente perigosos.*

5.2.- *Delégase no concelleiro, don **Carlos Liñares Gestal, cuarto tenente de alcalde,** a dirección política da **Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos Públicos,** así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:*

A) De xeito xenérico:

a) *Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.*

b) *A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas.*

c) *A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.*

d) *O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación.*

B) En materia de transición ecolóxica, obras e servizos públicos:

a) *A aprobación dos proxectos de obras municipais, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión a alcaldía e estean previstos no orzamento, e dos plans de seguridade e saúde destas.*

b) *Transporte público de persoas e xestión de expedientes de mobilidade.*

c) *Ditar ordes de execución en relación ao deber de conservación, uso e rehabilitación de fincas e cunetas.*

d) *Autorizacións de vados.*

C) A concesión de licenzas para posesión de animais potencialmente perigosos.

6.- Área de Cultura.

6.1.- *A esta Área correspóndelle a xestión das políticas e competencias municipais nas seguintes materias:*

- *Cultura*
- *Equipamentos culturais*
- *Museos e exposicións*
- *Bibliotecas*

- *Maiores*

6.2.- Delégase na concelleira, dona **María Penélope López Díaz, quinta tenente de alcalde**, a dirección política da **área de Cultura**, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

a) Tódalas competencias atribuídas ao alcalde e comprendidas dentro da área de goberno que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten interesados no procedemento ou terceiras persoas.

c) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, Pleno ou Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

C.I.F. P-1503100-H

7.- Área de Dinamización social.

7.1.- Esta área xestiona as políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

- *Formación*
- *Emprego*
- *Festas.*
 - *Programas de cooperación.*
 - *Escolas obradoiros.*
 - *Posta en valor do medio rural*

7.2.- Delégase no concelleiro, don **Juan Carlos Iglesias Lovelle, sexto tenente de alcalde**, a dirección política da **Área de Dinamización Social**, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

A) De xeito xenérico:

a) Tódalas competencias atribuídas ao alcalde e comprendidas dentro da área de goberno que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas.

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

d) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, Pleno ou Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

B) De xeito específico:

a) As autorizacións para a celebración de espectáculos públicos na vía pública, incluída a ocupación desta.

b) A autorización da celebración de festas locais, incluída a autorización para a ocupación da vía pública con casetas, palcos e atraccións de feiras.

c) As autorizacións para o exercicio da venda ambulante.

8.- Área de Comercio, Industria e Turismo.

8.1.- Esta área comprende a xestión das políticas e competencias municipais nas seguintes materias:

- Fomento do comercio
- Fomento da actividade industrial e económica.
- Hostalaría.
- Turismo.
- Relacións coas asociacións de empresarios e comerciantes

8.2.- Delégase neste concelleiro, don **Mario Alfonso Iglesias Gómez, sétimo tenente de alcalde**, a dirección política da **Área de Comercio, Industria e Turismo**, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas.

c) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación.

Segundo.- Delegar de forma indistinta en favor de tódolos concelleiros da Corporación municipal o exercicio da competencia para autorizar os matrimonios civís que se

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

celebren neste termo municipal, nos termos da normativa aplicable (artigo 51.1 do Código civil, na redacción dada pola Lei 35/1994, do 23 de decembro).

Esta delegación faculta a tódolos concelleiros para autorizar matrimonios civís, sen que nunha mesma cerimonia poida intervir máis dun deles.

Terceiro.- A Alcaldía mantén, nomeadamente e sen ánimo exhaustivo, as competencias seguintes:

1) En materia de seguridade cidadá:

1) Exercer a xefatura da Policía Local, sen prexuízo da Xefatura Superior de todo o persoal que corresponde ao alcalde.

2) Aprobar as xuntas de traballo da Policía Local.

3) A distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas da Policía Local, referidas a complemento de produtividade, gratificacións individuais, horas extraordinarias, quilometraxe do persoal, indemnizacións, dietas por asistencia a tribunais ou comisións de selección.

2) A aprobación e formalización dos convenios de todo tipo que o Concello asine con particulares ou con outras administracións públicas, e que polo seu obxecto sexan competencia do alcalde.

3) A resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial dirixidas ao Concello.

4) A resolución das peticións de acceso á información presentadas polos membros da Corporación.

5) As resolucións de creación, modificación e supresión de ficheiros de carácter persoal no rexistro de actividades de tratamento, consonte o disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

6) Os procedementos de exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e portabilidade, recoñecidos pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

7) Os procedementos de alta, baixa e variación no padrón municipal de habitantes.

8) Servizos de asesoría xurídica.

9) A sinatura do visto e prace dos certificados.

10) En xeral, e de xeito residual, aquelas funcións atribuídas á Alcaldía pola normativa vixente que non estean asignadas a unha concreta área de goberno.

Cuarto.- As delegacións xenéricas acordadas no apartado primeiro da presente resolución suxeitaranse ó seguinte réxime xurídico:

a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.
- c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.
- d) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- e) A Alcaldía poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.
- f) Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución, así como os conflitos positivos ou negativos de competencias que poidan xurdir entre os órganos delegados en relación co exercicio dunha concreta función.

Quinto.- Estas delegacións serán efectivas desde o día seguinte ao da sinatura desta resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Sexto.- Esta resolución será notificada aos concelleiros delegados para a súa eficacia e aceptación. Fáiselles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986 (Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a recepción da notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.

Desta resolución darase conta expresa ao Pleno na primeira sesión que celebre.»

5.- PROPOSTA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

Transcríbese a proposta do Sr. alcalde, de data 26/07/2023 (código de documento USG17I0404), que transcrita literalmente di:

«PROPOSTA.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

Visto o disposto no artigo 46.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no art. 67.1 do regulamento Orgánico Municipal, e aos efectos previstos no artigo 38.a) do RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

PROPÓNSE AO PLENO DA COPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

O Pleno do Concello de Culleredo celebrará, con periodicidade mensual, sesións ordinarias o último martes de cada mes ás trece horas (13:00 h) no salón de sesións da Casa do Concello. No suposto de que o día prefixado fose inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o día hábil inmediatamente posterior á mesma hora.»

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que desde o BNG entenden que é necesario que os plenos municipais sexan non só públicos, que o son por Lei, senón que sexan na práctica dispoñibles e accesibles para a veciñanza e á unha da tarde pouca xente pode asistir aos plenos municipais, nin presencialmente nin telematicamente, polo que cómpre cambiar o horario. O BNG non propón nada imposible e xa foi así en Culleredo nun pasado non tan lonxano pois el mesmo participou no período 2015-2019 en plenos ás 8 da tarde. O BNG propón que se someta a votación incluír a súa emenda no texto da proposta que se vai someter a votación, sendo unicamente que os plenos, en vez de celebrarse os martes ás 13.00 horas, se celebren o mesmo día, os martes, pero ás 20.00 horas.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo queren sumarse á petición feita polo BNG e que os plenos se celebren ás 20.00 horas.

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, coa emenda proposta "in voce" polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, con trece (13) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do Partido Popular de Culleredo (7), Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2); e oito (8) abstencións, as dos representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE; o Pleno municipal acorda:

O Pleno do Concello de Culleredo celebrará, con periodicidade mensual, sesións ordinarias o último martes de cada mes ás vinte horas (20:00 h) no salón de sesións da Casa do Concello. No suposto de que o día prefixado fose inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o día hábil inmediatamente posterior á mesma hora.

6.- PROPOSTA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Transcríbese a proposta do Sr. alcalde, de data 26/07/2023 (código de documento USG17I0405), que transcrita literalmente di:

«**PROPOSTA**

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Foi visto o artigo 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, segundo o cal a Xunta de Goberno Local, para exercer as súas competencias resolutorias, terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación e sesións extraordinarias cando o Presidente o decida.

O art. 106,2 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) sinala que "corresponde ao Pleno a proposta de fixar o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria" (da Xunta de Goberno Local).

Foi vista a resolución da Alcaldía de data 22 de xuño de 2023 (número 1200/2023) na que se acorda constituír a Xunta de Goberno Local e determinar a periodicidade das sesións ordinarias da mesma.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Culleredo, semanalmente os luns, ás trece horas e trinta minutos (13:30h) na Casa do Concello.

No suposto de que o día prefixado coincida con día inhábil celebrarásese sesión, co mesmo carácter de ordinaria, o primeiro día hábil seguinte á mesma hora.

Segundo.- Facultar ao sr. Alcalde, previa consulta cos membros da Xunta de Goberno Local, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.»

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo botan de menos no texto da proposta un parágrafo que diga que quedan expresamente anuladas todas as delegacións feitas polo Pleno na Xunta de Goberno Local en mandatos anteriores, engadindo que hai xurisprudencia que lle deu validez a delegacións de atribucións do Pleno na Xunta de Goberno de mandatos anteriores. Polo que, dado que incluír o parágrafo que propón é bastante inocuo, propón a súa inclusión. Propón tamén incluír outro punto que diga que, de tratar a Xunta de Goberno Local algún punto que por algún motivo tivera que ser público, porque se tratara dun asunto delegado polo Pleno que lle transmitira tal carácter, que pasaran a celebrarse na mesma hora que os plenos, ás 20.00 horas. Non sería necesario no caso de que se anularan as anteriores delegacións e non se delegara ningunha atribución na lexislatura actual, pero quedaría xa aprobado este cambio para o caso de que se modificara calquera cuestión e a Xunta de Goberno Local tratara calquera asunto que ocasionara que a sesión tivera que ser pública.

A continuación o Sr. Alcalde di que considera que o que se propón como emenda polo BNG neste caso non procedería porque "de facto" xa vai incluída no propio documento e que non se trata dun documento político senón elaborado pola parte técnica, pola propia Secretaría, e o que fai o goberno

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

municipal é simplemente fixar as horas de celebración das xuntas de goberno, traéndose ao pleno a periodicidade das mesmas, algo que nin sequera é necesario polo que considera que non é procedente incluír as emendas a non ser que o Sr. Secretario considere que se incorre nalgún erro e, dirixíndose a el, pregúntalle se ten que facer algunha observación ao respecto.

O Secretario municipal entende que as delegacións feitas no mandato anterior o son para dito mandato e expiran con el. Polo que tería que haber nesta sesión que se está a celebrar un punto independente na orde do día con proposta de delegacións do Pleno na Xunta de Goberno Local. Neste momento non hai acordo de delegación de atribucións do Pleno na Xunta de Goberno Local polo que a primeira das emendas carece de sentido. Respecto da segunda, as Xuntas de Goberno Local só son públicas cando tratan asuntos delegados polo Pleno; polo que, se non ten atribucións delegadas polo Pleno, por definición son secretas, a porta pechada.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, agradece a intervención do Sr. Secretario municipal e pide que conste en acta a aclaración feita para que, no caso de que nalgún momento non se interpretara así, se puidera tomar man da acta correspondente. Lembra que o acordo pode cambiarse en calquera momento e que no mandato anterior si había atribucións do Pleno delegadas como as concesións administrativas, que lle parecen de especial relevancia, e que deu lugar a que no tema da concesión administrativa da Garrocha se levase a liquidación á Xunta de Goberno Local, anunciándose o seu carácter público cunha antelación mínima, polo que non acudiu ninguén a presenciar como se tramitaba a liquidación desa concesión administrativa que resultou ruínosa, que no mandato anterior xa se delegou con toda a intención de subtraer do debate plenario todas esas cuestións.

O seu Grupo quere propoñer tamén como emenda unha cuestión máis pois ao seu entender as Xuntas de Goberno Local deberían celebrarse unha vez cada quince días, en semanas alternas. O teñen proposto xa algunha vez desde o BNG pois, despois do que se vén de aclarar, vese que vai ter menos competencias e que son escasos os temas que tratan de forma resolutive, limitándose a dacións de conta que habitualmente non teñen urxencia, quedando ademais a opción de que, en caso dalgunha cuestión urxente, se convocara unha sesión extraordinaria.

O Sr. Alcalde-presidente di que desde o goberno municipal entenden que se debería respectar a proposta que se fai desde o goberno e que hai que ter en conta a delicadeza que tivo en traer ao Pleno a proposta de periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local, cando nin sequera é necesario, pois se trata dunha cuestión exclusiva dos e das concelleiros e concelleiras que conforman o goberno municipal que son os que, en calquera concello, establecen a periodicidade e os días nos que lles convén reunirse. Considera que si hai temas suficientes para celebrar sesións semanais e existe tamén a posibilidade de non convocar a sesión correspondente en caso contrario.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo

28 de 65

consideran tamén que o que se trata neste punto da orde do día é unha competencia do goberno municipal e polo tanto aceptarán a decisión do mesmo.

O Sr. Chouciño Garrido solicita novamente o uso da palabra e, unha vez concedido, di que non entende que o Sr. Alcalde comente que considera unha delicadeza traer o asunto ao Pleno e que entende que un punto que se inclúe na orde do día é para ser debatido e votado e que se non fora competencia plenaria non tería que ser incluído na orde do día do pleno de organización. Desde o BNG consideran idóneo o proposto como emenda pois suporía menos traballo e menos custo para o persoal que ten que elaborar as ordes do día que poderían reducirse á metade.

O Sr. Alcalde-presidente intervén e di que no día anterior houbo unha xunta de voceiros na que quedou suficientemente aclarado o tema que se está a debater e que lle hai que dar operatividade ás xuntas de voceiros, e cando se fagan preguntas nese órgano que son aclaradas non con criterio político senón con criterio técnico debería respectarse esa aclaración.

Sometida pola Presidencia a emenda "in voce" do BNG a votación ordinaria, con catro (4) votos a favor, os dos representantes do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo; quince (15) votos en contra, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8) e Partido Popular de Culleredo (7); e 2 abstencións, dos representantes do grupo municipal Alternativa dos Veciños (2); o Pleno municipal non aproba a emenda presentada.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. Alcalde de data 26/07/2023 (código de documento USG17I0405) e, con dezasete (17) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Partido Popular de Culleredo (7), e Alternativa dos Veciños (2); e catro (4) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo; o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Culleredo, semanalmente os luns, ás trece horas e trinta minutos (13:30h) na Casa do Concello.

No suposto de que o día prefixado coincida con día inhábil celebraráse sesión, co mesmo carácter de ordinaria, o primeiro día hábil seguinte á mesma hora.

Segundo.- Facultar ao sr. Alcalde, previa consulta cos membros da Xunta de Goberno Local, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.

7.- PROPOSTA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E ESPECIAIS.

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Transcríbese a proposta do Sr. alcalde, de data 27/07/2023 (código de documento USG17I0408), que transcrita literalmente di:

«PROPOSTA

Visto o disposto no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, nos artigos 66, 67 e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no art. 117 do regulamento Orgánico Municipal (ROM), nos arts. 123 a 127 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

En consecuencia co anterior, e atendendo ao disposto no artigo 125.b) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e de conformidade co disposto no artigo 68.5, en relación co 66.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, e aos efectos previstos no artigo 38.b do RD 2568/1986 (ROF), esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- *Crear tres (3) Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:*

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA (CIP)

COMISIÓN INFORMATIVA DE COHESIÓN SOCIAL E RÉXIME INTERIOR (CICSRI)

COMISIÓN INFORMATIVA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL (CIDS)

Segundo.- *De conformidade co disposto no artigo 59.2 c) da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, crear a COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS que terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 127 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*

Terceiro.- *De conformidade co disposto do artigo 124.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal son Comisións Informativas Especiais as que o Pleno acorde constituír para un asunto concreto en atención ás súas características especiais de calquera tipo, crear dúas comisións informativas especiais coa seguinte denominación:*

- COMISIÓN ESPECIAL DO AEROPORTO

- COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

A duración destas comisións será ilimitada ata a aprobación da revisión do plan director do aeroporto e ata a aprobación da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, respectivamente.

As comisións informativas especiais que se crean neste acordo axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Cuarto.- As Comisións Informativas permanentes ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas:

- *COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA sobre as materias e asuntos da Área de Presidencia, Planificación e Seguridade Cidadá; da Área de Economía, Facenda e Urbanismo; e da Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos Públicos.*
- *COMISIÓN INFORMATIVA DE COHESIÓN SOCIAL E RÉXIME INTERIOR, sobre as materias e asuntos da Área de Participación Cidadá e Deportes; da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior; e da Área de Cultura.*
- *COMISIÓN INFORMATIVA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL, sobre as materias da Área de Dinamización Social e da Área de Comercio, Industria e Turismo.*
- *COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, no art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 127 do RD 2568/1986 (ROF).*
- *COMISIÓN ESPECIAL DO AEROPORTO terá por obxecto o estudo e seguemento da revisión do Plan director do aeroporto.*
- *COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL terá por obxecto o estudo e seguemento da revisión do Plan xeral de ordenación municipal.*

C.I.F. P-1503100-H

Quinto.- Atribuir a cada unha das Comisións Informativas as funcións de estudo, informe ou consulta dos asuntos que, relacionados co seu ámbito de actuación, teñan que ser sometidos á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local cando ésta actúe con competencias delegadas do Pleno, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes, e igualmente informarán aqueles asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local e do Alcalde que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles. Tal e como se indicou no apartado anterior, a Comisión Especial de Contas terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, no art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 127 do ROF.

Sexto.- As comisións informativas permanentes, a Comisión especial de Contas e as comisións especiais do Aeroporto e do Plan Xeral de Ordenación Municipal estarán compostas por:

- *Tres (3) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE, incluído o Sr. Alcalde-Presidente, Presidente nato de tódalas Comisións.*
- *Tres (3) representantes do Grupo político municipal do PP*
- *Dous (2) representantes do Grupo político municipal do BNG*
- *Un (1) representante do Grupo político municipal Alternativa dos Veciños*

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Sétimo.- As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual todos os martes anteriores á celebración do Pleno ordinario, segundo o seguinte detalle:

- Comisión Informativa Permanente de Presidencia: 13:00 horas
- Comisión Informativa Permanente de Cohesión Social e Réxime Interior: 13:30 horas
- Comisión Informativa Permanente de Dinamización Social: 14:00 horas

No caso de que o día prefixado fora festivo, as sesións celebraranse o día anterior á mesma hora

A Comisión Especial de Contas reuniráse cando sexa convocada pola Presidencia para ditamina-la conta xeral de cada exercicio.

Oitavo.- A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno, podendo desinarse un suplente.

Noveno.- As Comisións Informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.»

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o BNG trasladou ao grupo de goberno e fixo público un escrito cunha relación de medidas de necesario cumprimento para proceder a normalizar a vida política e administrativa municipal sendo unha desas propostas a creación de Comisións de investigación sobre A Garrocha e sobre o Centro Loxístico de Transportes. Entenden que este é o punto da orde do día onde se deberían ter incluídas ditas comisións. Saben que van ter máis ocasións para avanzar no sentido da súa petición, pero se van abster na votación neste punto porque lles parece incompleta a proposta que se presenta.

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, con dezasete (17) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Partido Popular de Culleredo (7), e Alternativa dos Veciños (2); e catro (4) abstencións, as dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo; o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Crear tres (3) Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA (CIP)

COMISIÓN INFORMATIVA DE COHESIÓN SOCIAL E RÉXIME INTERIOR (CICSRI)

COMISIÓN INFORMATIVA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL (CIDS)

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 59.2 c) da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, crear a COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS que terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 127 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Terceiro.- De conformidade co disposto do artigo 124.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal son Comisións Informativas Especiais as que o Pleno acorde constituír para un asunto concreto en atención ás súas características especiais de calquera tipo, crear dúas comisións informativas especiais coa seguinte denominación:

- COMISIÓN ESPECIAL DO AEROPORTO
- COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

C.I.F. P-1503100-H

A duración destas comisións será ilimitada ata a aprobación da revisión do plan director do aeroporto e ata a aprobación da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, respectivamente.

As comisións informativas especiais que se crean neste acordo axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Cuarto.- As Comisións Informativas permanentes ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas:

- COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA sobre as materias e asuntos da Área de Presidencia, Planificación e Seguridade Cidadá; da Área de Economía, Facenda e Urbanismo; e da Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos Públicos.
- COMISIÓN INFORMATIVA DE COHESIÓN SOCIAL E RÉXIME INTERIOR, sobre as materias e asuntos da Área de Participación Cidadá e Deportes; da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior; e da Área de Cultura.
- COMISIÓN INFORMATIVA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL, sobre as materias da Área de Dinamización Social e da Área de Comercio, Industria e Turismo.

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, no art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 127 do RD 2568/1986 (ROF).
- COMISIÓN ESPECIAL DO AEROPORTO terá por obxecto o estudo e seguemento da revisión do Plan director do aeroporto.
- COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL terá por obxecto o estudo e seguemento da revisión do Plan xeral de ordenación municipal.

Quinto.- Atribuir a cada unha das Comisións Informativas as funcións de estudo, informe ou consulta dos asuntos que, relacionados co seu ámbito de actuación, teñan que ser sometidos á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local cando ésta actúe con competencias delegadas do Pleno, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes, e igualmente informarán aqueles asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local e do Alcalde que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles. Tal e como se indicou no apartado anterior, a Comisión Especial de Contas terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, no art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 127 do ROF.

C.I.F. P-1503100-H

Sexto.- As comisións informativas permanentes, a Comisión especial de Contas e as comisións especiais do Aeroporto e do Plan Xeral de Ordenación Municipal estarán compostas por:

- Tres (3) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE, incluído o Sr. Alcalde-Presidente, Presidente nato de tódalas Comisións.
- Tres (3) representantes do Grupo político municipal do PP
- Dous (2) representantes do Grupo político municipal do BNG
- Un (1) representante do Grupo político municipal Alternativa dos Veciños

Sétimo.- As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual todos os martes anteriores á celebración do Pleno ordinario, segundo o seguinte detalle:

- Comisión Informativa Permanente de Presidencia: 13:00 horas

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- Comisión Informativa Permanente de Cohesión Social e Réxime Interior: 13:30 horas
- Comisión Informativa Permanente de Dinamización Social: 14:00 horas

No caso de que o día prefixado fora festivo, as sesións celebraranse o día anterior á mesma hora

A Comisión Especial de Contas reuniráse cando sexa convocada pola Presidencia para ditamina-la conta xeral de cada exercicio.

Oitavo.- A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno, podendo desinarse un suplente.

Noveno.- As Comisións Informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

C.I.F. P-1503100-H

8.- PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN DISTINTOS ÓRGANOS.

Transcríbese a proposta do Sr. alcalde, de data 27/07/2023 (código de documento USG17I0409), que transcrita literalmente di:

«PROPOSTA

Téndose constituído a nova Corporación municipal o pasado día 17 de xuño de 2023, e sendo necesario proceder ao nomeamento de representantes da Corporación en diversos órganos,

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

COMISIÓN PARITARIA DE INTERPRETACIÓN, SEGUIMIENTO DO ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO E DO CONVENIO DO PERSOAL LABORAL.

Titulares:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

Un/unha Concelleiro/a do grupo político do PP

Un/unha concelleiro/a do grupo político do BNG

Un/unha concelleiro/a do grupo político de Alternativa dos veciños

Suplentes:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

Dona Marta María Iglesias Becerra, segunda tenente de Alcalde, concelleira delegado da Área de Economía, Facenda e Urbanismo.

CONSELLOS ESCOLARES E MESAS DE ESCOLARIZACIÓN

Titular:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

Suplente:

Dona María Penélope López Díaz, quinta tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cultura.

C.I.F. P-1503100-H

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL "MARIÑAS-BETANZOS"

Titular:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

Suplente:

Dona Marta María Iglesias Becerra, segunda tenente de Alcalde, concelleira delegado da Área de Economía, Facenda e Urbanismo.

GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO "GOLFO ÁRTABRO SUR"

Titular:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente.

Suplente:

Dona Marta María Iglesias Becerra, segunda tenente de Alcalde, concelleira delegado da Área de Economía, Facenda e Urbanismo.

CONSORCIO AS MARIÑAS

Titular:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Suplente:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

COMISIÓN DE BAREMACIÓN INTERCENTROS DO CONCELLO (GALIÑAS AZUIS)

Titular:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

Suplente:

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

CONSELLO ESCOLAR AS GALIÑAS AZUIS

Titular:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

Suplente:

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

MESA LOCAL DE COMERCIO

Presidente: Don Juan Carlos Iglesias Lovelle, concelleiro delegado de Dinamización Social.

Suplente: Dona Marta María Iglesias Becerra, concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo.

Vogais:

Don Mario Alfonso Iglesias Gómez, concelleiro delegado de Comercio, Industria e Turismo.

Suplente: Dona María Penélope López Díaz, concelleira delegada de Cultura

GRUPO DE ACCIÓN URBANA (GAU)

- *Un presidente/a que será o alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.*

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

* *Un concelleiro/a do Concello por cada área de goberno implicada na execución das liñas estratéxicas de actuación (LA) da Edusi CulleredoVivo, que son as seguintes tras a fusión de liñas aprobada pola Subdirección General de Cooperación Autónoma y Local do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, comunicada a este Concello con data 14 de xaneiro de 2019:*

- «• LA 1_2. Culleredo ciudad smart.
 - LA 3. Transporte público sostenible.
 - LA 4_5. Trama urbana y red peatonal.
 - LA 6_7. Puesta en valor del patrimonio medioambiental y cultural en el entorno del camino de Santiago.
 - LA 8_9_10. Mejora de la transición ciudad-zonas industriales, la permeabilidad urbana y el patrimonio industrial.
 - LA 11_12. Dinamización social y económica de Culleredo.
 - LA EJE 13. Asistencia y comunicación.»
- *Un representante de cada grupo político con representación en la corporación municipal.»*

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia abre a quenda para o debate, aclarando que a proposta que se presenta se fixo tendo en conta a lexislación correspondente e onde debe haber representación de todos os grupos que conforman a Corporación municipal así se fixo e onde deben figurar só os membros do grupo de goberno tamén.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que no GAU (Grupo de Acción Urbana) creado para fiscalizar ou para dar seguimento as liñas estratéxicas de actuación da EDUSI CulleredoVivo, recóllese un membro do goberno e un membro de cada área implicada na execución das liñas estratéxicas. Iso lle parece unha indefinición pois non é algo concreto. Pregunta se hai algunha previsión de actualización do GAU en canto á representación veciñal, lembrando que o GAU reuniuse non recorda ben se unha ou dúas veces para cumprir o seu obxectivo cal é o seguimento citado e xa vai executada unha gran parte dos fondos Edusi, habendo grandes dúbidas nalgúns proxectos financiados con cargo a eses fondos. Dubidan de que o GAU estea actualizado e pensan que se debería actualizar e dar cabida á obrigatoria representación veciñal.

Ao seu Grupo lle estrañou tamén que non se fale do Eixo Atlántico porque no mandato anterior (2019-2023) aprobouse a participación do Concello de Culleredo no Eixo Atlántico e polo tanto aí ten que haber tamén unha representación e non se menciona na proposta, polo que solicita se dea unha explicación do motivo.

O Sr. Alcalde-presidente responde que o GAU réunese cando indica o EDUSI e o criterio da composición da Mesa o indica a Unión Europea.

Respecto ao Eixo Atlántico, o goberno municipal decidiu non traer a representación municipal ao Pleno porque vai haber unhas modificacións

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

estatutarias nos vindeiros meses, probablemente no mes de setembro, porque se quere dar unha maior participación social. Decidiuse pospoñer ese nomeamento á espera de ver a representatividade que se vai ter en dito órgano. É habitual que a Alcaldía represente ao Concello. Para calquera incidencia que haxa en relación co programa CulleredoVivo hai un portal de transparencia que vai directamente á Unión Europea onde se poden canalizar todas as queixas referidas a denuncias de fraudes que consideren os cidadáns e os propios representantes políticos.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, replica que, ademais da posibilidade dese *portal*, mencionada polo Sr. Alcalde, tamén existe o GAU, que é o Grupo de Acción Urbana.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo Municipal Partido Popular, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que onte, na Xunta de Voceiros, valorouse a posibilidade de que a oposición estivese nas xuntas de goberno e xa quedou aclarado que non procedía. Non se falou da posibilidade de inclusión de membros da oposición en determinados órganos. Considera que é importante a participación da oposición, para poder facer o seu traballo, na Xunta Local de Seguridade, no Consello Escolar, no Consello Escolar das Galiñas azuis e na Mesa de Comercio Local, solicitando a súa inclusión con voz pero sen voto. A participación neses órganos facilitaría a labor á oposición.

O Sr. Alcalde responde que o goberno municipal non pretende que a oposición non poida participar neses órganos; polo que farán a consulta para saber, se dentro do que marca o regulamento de cada un dos órganos, se permite que representantes distintos dos establecidos asistan ás reunións con ou sen voz e con o sen voto porque desa forma permitiría que se coñeceran mellor os temas que se tratan en cada un deles. O que se presenta non é un documento pechado. Neste momento é necesario establecer a representación do Concello, pero, a posteriori, pode revisarse o regulamento de cada un porque non hai inconveniente ningún en que os membros da oposición poidan ter participación neles.

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, con dezasete (17) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Partido Popular de Culleredo (7), e Alternativa dos Veciños (2); e catro (4) abstencións, as dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo; o Pleno municipal acorda:

Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

COMISIÓN PARITARIA DE INTERPRETACIÓN, SEGUIMIENTO DO ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO E DO CONVENIO DO PERSOAL LABORAL.

Titulares:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

Un/unha Concelleiro/a do grupo político do PP

Un/unha concelleiro/a do grupo político do BNG

Un/unha concelleiro/a do grupo político de Alternativa dos veciños

Suplentes:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

Dona Marta María Iglesias Becerra, segunda tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Urbanismo.

C.I.F. P-1503100-H

CONSELLOS ESCOLARES E MESAS DE ESCOLARIZACIÓN

Titular:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

Suplente:

Dona María Penélope López Díaz, quinta tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cultura.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL "MARIÑAS-BETANZOS"

Titular:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

Suplente:

Dona Marta María Iglesias Becerra, segunda tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Urbanismo.

GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO "GOLFO ÁRTABRO SUR"

Titular:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente.

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Suplente:

Dona Marta María Iglesias Becerra, segunda tenente de Alcalde, concelleira delegado da Área de Economía, Facenda e Urbanismo.

CONSORCIO AS MARIÑAS

Titular:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

Suplente:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

COMISIÓN DE BAREMACIÓN INTERCENTROS DO CONCELLO (GALIÑAS AZUIS)

Titular:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

Suplente:

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

CONSELLO ESCOLAR AS GALIÑAS AZUIS

Titular:

Dona Cristina Pardo Portos, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes.

Suplente:

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior.

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

MESA LOCAL DE COMERCIO

Presidente: Don Juan Carlos Iglesias Lovelle, concelleiro delegado de Dinamización Social.

Suplente: Dona Marta María Iglesias Becerra, concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo.

Vogais:

Don Mario Alfonso Iglesias Gómez, concelleiro delegado de Comercio, Industria e Turismo.

Suplente: Dona María Penélope López Díaz, concelleira delegada de Cultura

GRUPO DE ACCIÓN URBANA (GAU)

- Un presidente/a que será o alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.
- * Un concelleiro/a do Concello por cada área de goberno implicada na execución das liñas estratéxicas de actuación (LA) da Edusi CulleredoVivo, que son as seguintes tras a fusión de liñas aprobada pola Subdirección General de Cooperación Autonómica y Local do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, comunicada a este Concello con data 14 de xaneiro de 2019:

C.I.F. P-1503100-H

- «• LA 1_2. Culleredo ciudad smart.
 - LA 3. Transporte público sostenible.
 - LA 4_5. Trama urbana y red peatonal.
 - LA 6_7. Puesta en valor del patrimonio medioambiental y cultural en el entorno del camino de Santiago.
 - LA 8_9_10. Mejora de la transición ciudad-zonas industriales, la permeabilidad urbana y el patrimonio industrial.
 - LA 11_12. Dinamización social y económica de Culleredo.
 - LA EJE 13. Asistencia y comunicación.»
- Un representante de cada grupo político con representación en la corporación municipal.

9.- PROPOSTA SOBRE HABILITACIÓN DE LOCAIS E ASIGNACIONES ECONÓMICAS PARA OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Transcríbese a proposta do Sr. alcalde, de data 28/07/2023 (código de documento USG17I040K), que transcrita literalmente di:

«PROPOSTA.- Asignacións económicas e habilitación de locais para os grupos políticos municipais.

Segundo dispón o artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, o Pleno da Corporación, con cargo aos presupostos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

componente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral na Lei de presupostos xerais do Estado, e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerán a disposición do pleno da Corporación, sempre que este o pida.

O artigo 27 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, establece que, nas posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, os diversos grupos políticos disporán na sede da mesma dun despacho ou local para reunirse de xeito independente e recibir visitas dos cidadáns.

*Para os efectos previstos no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:***

Primeiro.- *Determinar que a dotación económica para os Grupos políticos municipais, constará dun componente fixo de 1.000€ por grupo e un componente variable de 850€ por concelleiro.*

Segundo.- *Os efectos económicos do presente acordo produciranse a partires do día da adopción polo Pleno do presente acordo. As cantidades devengadas pagaranse trimestralmente.*

Terceiro.- *As cantidades sinaladas como dotación a percibir polos diferentes grupos políticos municipais non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Os distintos grupos municipais levarán unha contabilidade específica da dotación asignada, na forma que determine a Intervención de fondos municipal, que porán a disposición inmediata do pleno da Corporación sempre que este o solicite.*

Cuarto.- *Habilitar catro (4) despachos nas dependencias municipais situados un na planta baixa da Casa Consistorial, que será utilizado polo grupo político do PSdG-PSOE, e tres na segunda planta da Casa Consistorial, ala de escaleiras de emerxencia, que serán os que utilicen os grupos políticos do Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Alternativa dos Veciños e que serán escollidos por orde dos votos obtidos.»*

Sen debate e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, con dezasete (17) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Partido Popular de Culleredo (7), e Alternativa dos Veciños (2); e catro (4) abstencións, as dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo; o Pleno municipal acorda:

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Primeiro.- Determinar que a dotación económica para os Grupos políticos municipais, constará dun compoñente fixo de 1.000€ por grupo e un compoñente variable de 850€ por concelleiro.

Segundo.- Os efectos económicos do presente acordo produciranse a partires do día da adopción polo Pleno do presente acordo. As cantidades devengadas pagaránse trimestralmente.

Terceiro.- As cantidades sinaladas como dotación a percibir polos diferentes grupos políticos municipais non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Os distintos grupos municipais levarán unha contabilidade específica da dotación asignada, na forma que determine a Intervención de fondos municipal, que porán a disposición inmediata do pleno da Corporación sempre que este o solicite.

Cuarto.- Habilitar catro (4) despachos nas dependencias municipais situados un na planta baixa da Casa Consistorial, que será utilizado polo grupo político do PSdG-PSOE, e tres na segunda planta da Casa Consistorial, ala de escaleiras de emerxencia, que serán os que utilicen os grupos políticos do Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Alternativa dos Veciños e que serán escollidos por orde dos votos obtidos.

C.I.F. P-1503100-H

10.- PROPOSTA SOBRE ESTABLECEMENTO DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS.

Transcríbese a proposta do Sr. alcalde, de data 28/07/2023 (código de documento USG17I0440), que transcrita literalmente di:

«PROPOSTA.- Derminación dos cargos da Corporación en réxime de dedicacións exclusivas e parciais, e retribucións.

A Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 75.1 que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, neste caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións os pagos das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da referida Lei, no que se indica que as Corporacións afectadas abonarán as cotizacións das mutualidades obrigatorias dos funcionarios de carreira que pasen á situación de servizos especiais noutras Administracións públicas.

No apartado 4 do mesmo artigo 75 da Lei /1985, establécese que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral da

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

seguridade social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Presupostos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelhada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberá conter o réxime de dedicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións.

A citada Lei 7/1985, no seu artigo 75 bis, establece que os presupostos xerais do Estado determinarán, anualmente, el límite máximo total que poidan percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, sinalando que para as corporacións locais de 20.001 habitantes a 50.000 habitantes, este límite máximo será o das retribucións correspondentes ao Secretario de Estado menos un 45%.

A Disposición Adicional 27 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de "Presupuestos Generales del Estado para el año 2023", establece o límite máximo total que poden percibir os membros das entidades locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios, e para concellos de entre 20.001 a 50.000 habitanes o fixa en 63.888,61 €

C.I.F. P-1503100-H

De acordo co indicado,

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Primeiro.- *Aprobar a dedicación exclusiva, en réxime de xornada completa, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social:*

- *Primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes: Percibirá 45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.*
- *Segunda Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Urbanismo. Percibirá .45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.*
- *Cuarta Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos: Percibirá 45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.*
- *Quinta Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cultura: Percibirá 45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.*
- *Un/unha concelleiro/a do Grupo Partido Popular de Culleredo: Percibirá 45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.*

Segundo.- *Aprobar a dedicación parcial, en réxime que en cada caso se especifica dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social:*

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- *Terceira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior: Percibirá 36.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime 75%, dedicación mínima 6,50 horas diarias de luns a domingo)*
- *Sexto Tenente de Alcalde, concelleiro delegado da Área de Dinamización Social: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5,00 horas diarias de luns a domingo).*
- *Sétimo Tenente de Alcalde, concelleiro delegado da Área de Comercio, Industria e Turismo: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5,00 horas diarias de luns a domingo).*
- *Un/unha concelleiro/a do Grupo Partido Popular de Culleredo: Percibirá 36.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha adicación do 75% da xornada).*
- *Un/unha concelleiro/a do Grupo Partido Popular de Culleredo: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha media adicación do 50% da xornada).*
- *Un/unha concelleiro/a do Grupo Bloque Nacionalista Galego de Culleredo: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha media adicación do 50% da xornada).*
- *Un/unha concelleiro/a do Grupo Bloque Nacionalista Galego de Culleredo: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha media adicación do 50% da xornada).*
- *Un/unha concelleiro/a do Grupo municipal Alternativa dos Veciños: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha media adicación do 50% da xornada).*

C.I.F. P-1503100-H

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 14 parágrafo 4 do regulamento orgánico municipal, declarar expresamente a compatibilidade dos concelleiro delegados con dedicación parcial antes aprobados.

Cuarto.- Os concelleiros/as con dedicación exclusiva ou parcial serán nomeados polo alcalde. No caso das dedicacións dos grupos Popular, BNG e Alternativa dos Veciños o nomeamento farase previa proposta do grupo municipal. Os nomeados deberán aceptar expresamente o nomeamento.

Esta designación só suporá dedicación exclusiva ou parcial, se se acepta expresamente por cada concelleiro asignado, circunstancia que se comunicará ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

Quinto.- A contía das retribucións fixadas nos apartados anteriores será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, de acordo co que sinala a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Sexto.- Os concelleiros con dedicación exclusiva ou parcial serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda, agás o disposto no artigo 74 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

No suposto de dedicacións exclusivas (con carácter total), a percepción de tales retribucións será incompatible con outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Sétimo.- Tan só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, e na contía fixada polo Pleno.

Oitavo.- Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia o presente acordo.»

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A Sra. Palla Maceiras, voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que os membros do seu grupo non participaron en conversación ningunha en relación coa proposta que se presenta neste punto da orde do día; pero consideran que a mesma dota aos membros da oposición dos recursos suficientes para levar a cabo a labor de oposición de maneira adecuada. Van votar a favor da proposta que se presenta.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que o Concello de Culleredo leva décadas afondando nun goberno e nunha administración escurantista que incorre en ilegalidades manifestas, que implican un vicio do xogo democrático. Por tanto é imprescindible resetear para restaurar minimamente as normas básicas de gobernanza, enunciando por iso as súas esixencias para, nun prazo razoable, poñer en marcha ese novo e imprescindible "modus operandi". Así empeza o documento que desde o BNG fixeron chegar ao grupo de goberno, non como unha proposta de achegamento programático senón como unha relación de cuestións turbias, escuras, de funcionamento antidemocrático cando non manifestamente ilegal senón é exactamente o mesmo, e que foron creando os sucesivos gobernos do Sr Rioboo, documento que está publicado na web do BNG e divulgado polas súas redes sociais.

Di que esta nova xeira, este novo mandato municipal no que o pobo castigou ao partido do Sr. Rioboo quitándolles a maioría absoluta que lles permitira repetir o que viñeron facendo en todo ese tempo pero particularmente no último mandato municipal, 2019-2023, no que o goberno foi presidido polo Sr

47 de 65

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Rioboo, abríndose agora un tempo que debe ser verdadeiramente novo. E para ser transformador do anterior, a oposición debe condicionar realmente as súas políticas, e por iso non debe perder ningunha oportunidade para provocar ese cambio de rumbo, en particular, non debe desperdiciar a oportunidade que dá esta proposta que hoxe traen na que pretenden sacar adiante o único que lles preocupa, os salarios para os próximos catro anos. O goberno municipal pensa que se saca iso adiante ten resolto gran parte da capacidade para seguir facendo o mesmo e o BNG non vai colaborar a que sexa así.

Di que lembra outra vez o documento de esixencias do BNG sobre o que invitan aos outros grupos da oposición a completar xa que a relación de irregularidades é tan longa que de seguro que non as tiveron presentes todas, engadindo que van mencionar algunhas:

* Necesítase unha política de contratación pública conforme á legalidade e pon como exemplo que o o goberno municipal do Concello de Culleredo recibiu un demoledor informe do Consello das Contas con indicacións claras sobre a necesidade de seguir os procedementos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público para a contratación municipal. O informe publicado en xaneiro de 2023 detecta defectos graves e advirte un abuso da contratación menor e da adjudicación directa sen procedemento de contratación, facendo referencia ás constantes advertencias por parte da Intervención do Concello ao mesmo respecto.

No Concello de Culleredo que presidiu o Sr. Rioboo nos últimos anos gástanse os cartos coma quen colle dun saco, ata 9 millóns de € cada ano gástanse de forma irregular, o que teñen dito ben de veces, pero ao Sr. Rioboo lle deu igual, e seguiu dándolle igual cando lle chega o informe do Consello das Contas. Dille ao Sr. Rioboo que ou cambia iso ou o BNG non vai permitir que cobren salarios.

* Política de cumprimento da obriga de actualizar o inventario municipal pois, tal e como teñen reiterado as diferentes responsables de Secretaría e Intervención, o goberno municipal ten incumplido a súa obriga de presentar un Inventario Municipal actualizado coa formación de cada nova Corporación Municipal, un instrumento fundamental para a planificación de calquera política municipal sendo a súa ocultación un desagravio contra a veciñanza e os seus representantes; pregúntalle aos membros do goberno municipal que teñen que agochar porque cómpre sabelo, engadindo que ou actualizan o inventario, ou o BNG non vai permitir que cobren salarios.

* Respecto da política de participación veciñal, concretada nos orzamentos participativos en tempo e forma nos 4 anos da pasada lexislatura, con maioría absoluta do PSOE na Corporación, o goberno municipal non foi quen de presentar uns orzamentos en tempo e forma para a súa aprobación antes do 1 de xaneiro, rexeitando ademais numerosas propostas veciñais e sen aceptar debate ou transacción algunha cos grupos na oposición; que fixo sempre o que

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Ile deu a gana, burlando as ordenanzas municipais ao respecto, e cando o puxeron en evidencia desde o BNG, o goberno municipal cambiou a ordenanza polo que se non hai cambios visibles, o BNG non vai permitir que cobren salarios os Srs Concelleiros do goberno.

* Política de Persoal ao servizo do Concello, porque a xestión de persoal non é igualitaria e eficiente; a xestión de persoal no Concello de Culleredo non é axeitada para as necesidades dos servizos públicos e da atención á veciñanza. Diferentes indicadores así o demostran: longos prazos para a atención pública, falta de resposta en tempo a calquera escrito rexistrado no Concello, longos tempos de agarda para a obtención dunha licenza municipal para a construción de vivenda, falta de atención a entidades sociais, asociacións e clubs deportivos, xestión desastrosa da inscrición nas actividades culturais e deportivas, unha ratio altísima de baixas entre o persoal a servizo do concello, mentres veciñanza, persoal e responsables políticos poden comprobar como se mantén no seu cargo ao persoal de confianza do goberno municipal engordando o Gabinete da Alcaldía, subindo os seus soldos, deixando de executar infraccións e sentencias xudiciais que os inhabilitan para o seu cargo.

C.I.F. P-1503100-H

* Política de dotación de persoal docente suficiente para o Conservatorio pois durante os últimos anos a comunidade educativa do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo foi enganada en múltiples ocasións respecto das necesidades reais de profesorado no centro e das posibilidades de cobertura dos postos vacantes. Mentres tanto, o centro segue sen contar co profesorado necesario para cubrir a demanda e ofertar un servizo docente de calidade, que conte con tódolos servizos, pese a que si había xente á que chamar para a cobertura de profesorado de piano pero non se quería chamar por capricho.

* Política de impulso ao novo PXOM pois desde a chegada do actual alcalde ao poder, escoitáronse até tres versións distintas sobre a necesidade dun novo PXOM para o Concello de Culleredo, pois díxose que se tiña que aprobar definitivamente canto antes, despois que había que facer un novo, e finalmente que non é necesario un novo plan pois co actual de 1987 se podería continuar medrando. Desde o BNG teñen claro que o Concello precisa dun novo PXOM para deseñar o futuro de Culleredo xa que nese documento adquirense compromisos por parte da administración local, mais tamén da Xunta, do Estado, de AENA, de ADIF, da Deputación, de EMALCSA... para a creación e mellora dos servizos públicos e para o desenvolvemento urbanístico con sentidido. Mais o goberno municipal ten paralizada a aprobación definitiva do PXOM por non querer atender aos apuntes do Arquitecto Municipal e da Xunta de Galiza nos seus informes contrarios á aprobación, tal e como está agora mesmo deseñado o PXOM. Hai que lembrar que o Alcalde dicía hai 6 anos que a resposta ás alegacións presentadas polos veciños e veciñas ao plan retrasaría a súa aprobación 4 anos e agora, xa pasados case 7, séguese nas mesmas polo

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

que, ou hai unha verdadeira mostra de impulso do PXOM, ou o BNG non vai permitir que cobren salarios os Srs Concelleiros do goberno.

* Política de Urbanismo, igualdade e prioridade dos veciños; di que o goberno municipal do PSOE ten demostrado en numerosas ocasións como tódolos veciños e veciñas de Culleredo non xogan nas mesmas condicións no que se refire á obtención de licenzas urbanísticas; mentres o alcalde anuncia en prensa a súa disposición absoluta para acelerar certos proxectos urbanísticos, outros moitos veciñas e veciños, ou cidadáns que queren ser veciños de Culleredo, agardan durante anos para a obtención dunha licenza de construción mentres ven como se encarecen os prezos e as hipotecas, alongando cada día máis a oportunidade de crear un fogar propio; lémbrale ao Sr. Alcalde cando dixo que en xullo do ano pasado o Concello de Culleredo ía quedar ao día coas licenzas e lle di que ou hai unha mostra de cambio nas políticas que sacan adiante urbanismo “pret a porter”, ou o BNG non vai permitir que cobren salarios.

* Política de legalidade no outorgamento e control de licenzas de actividade; di que a veciñanza ten dado conta en innumerables ocasións da falta de cumprimento por parte dalgúns establecementos das condicións de apertura, exercendo a labor de vixilancia e fiscalizadora que debería ser exercida polo goberno municipal que desatende as súas denuncias e oculta os incumprimentos dos establecementos denunciados.

Advertía o BNG en novembro de 2021 de que o goberno municipal estaba deixando ocos na tramitación do peche da hípica de Sésamo que permitirían que aquela instalación que leva décadas sen licenza non pechara cando o levara aos xulgados; que tristemente tiñan razón e volveuse á casiña de saída, só que sen que o goberno municipal queira dar ningún outro paso. Outro tanto están a facer con locais de hostalería nocturna que amargan a vida á veciñanza malia ter ducias de denuncias que estrañamente non derivan en expedientes de sancións.

o BNG non vai permitir que cobren salarios os Srs Concelleiros do goberno mentres non se vexa que cambian eses modos.

* Política: camiño entre Orro e Ledoño; di que a veciñanza de Orro e Ledoño segue agardando a que se abra o camiño anulado entre as dúas parroquias durante as obras do Centro Loxístico que nunca se chegaron a levar a cabo. Pide que nos 100 primeiros días de mandato se cumpran as dúas mocións aprobadas no anterior mandato para recuperar os terreos que ocupaba o camiño de Orro a Ledoño ao paso polo espazo que se ía ocupar coa estación intermodal no CLT e que nunca se executou, quedando os terreos sen uso.

Dúas veces se aprobou en Pleno iniciar a recuperación dos terreos que ocupaba ese camiño e que non se sabe a mans de quen foron parar. Eliminaron a

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

comunicación natural e histórica entre dúas parroquias coa súa colaboración, e por estraños motivos o goberno municipal non quere dar nin un paso para dar cumprimento ao que eles mesmos votaron a favor cando o propuxo o BNG.

o BNG non vai permitir que cobren salarios os Srs Concelleiros do goberno mentres non se vexa que cambian eses modos.

Política: defensa dos intereses veciñais fronte ao Vial 18 e ampliación da autoestrada; di que o goberno municipal de Culleredo ven dando bandazos en relación ao seu posicionamento respecto das infraestruturas que afectan fundamentalmente ao Concello de Culleredo, nas que hoxe di A, mañá B e pasado C e que tal é o caso do Vial 18 e da conseguinte ampliación da AP9 que vai asociada a dito proxecto.

Que a xente ten que coñecer a mochila que trae consigo o Vial 18, a duplicación da autoestrada de catro a oito carrís ao paso por Culleredo; que ese é o proxecto que por algún motivo escolle o Sr. Rioboo, cun custo moi superior a outras alternativas, cun impacto sobre o territorio maior que outras alternativas, cunha utilidade nula para Culleredo fronte a gran utilidade doutras alternativas. E todo iso despois de que o proxecto xa fora anulado unha vez por iniciativa veciñal que non do goberno de Rioboo, ou que esta segunda intentona do proxecto leve varios anos en dique seco sen que o goberno municipal pida explicacións ao Ministerio.

o BNG non vai permitir que cobren salarios os Srs Concelleiros do goberno, mentres non se vexa que cambian eses modos.

Política: depuración de responsabilidades por perdas patrimoniais; di que nos últimos anos o goberno municipal ten dado conta de numerosas sentenzas xudiciais contrarias aos intereses de Culleredo e que derivan en graves perdas patrimoniais para as arcas municipais.

Que o Sr Rioboo, no pleno do pasado 17 de xuño, de constitución da corporación, non fixo nin unha soa frase de autocrítica, falando de que sería preciso o diálogo pero sendo ben significativo que non deu a palabra á oposición naquel momento para darlle lugar a, mesmo puidera ser, recollerlle ese guante; que falou o Sr. Alcalde e abonda, invitando ao diálogo cun monólogo.

Nin unha soa autocrítica din desde o BNG, pero din tamén que a falta de autocrítica a oposición ten na súa man proceder coas ferramentas ao seu alcance para facerlles asumir responsabilidades, e a primeira ferramenta é esta, non admitir que os membros do goberno municipal cobren salarios ata que se proceda con esa asunción das súas responsabilidades, o que viría a ser unha remuneración por obxectivos.

Di que o BNG propón que aos 100 días se faga un pleno de debate sobre o estado do municipio, contemplado no Regulamento, para avaliar cantas mostras

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

de cambio deu o goberno municipal do PSOE respecto das políticas que vén de mencionar; di que nese pleno poderíase volver a falar da proposta que se presenta neste punto ou doutra pero que namentres non se faga ese cambio o voto do BNG será en contra.

A Sra. García Gorostizu, voceira do grupo municipal do Partido Popular, co permiso da Presidencia, comenta que se puido oír ao Sr. Chouciño falar dun cambio de rumbo necesario no Concello de Culleredo e lle lembra que a oportunidade de cambio de rumbo a houbo fai mes e medio, no Pleno de constitución da Corporación, no que os membros do BNG se abstiveron permitindo que gobernarán os e as concelleiros e concelleiras que o están facendo. Continua coa a súa primeira intervención e di que se puido oír ao Sr. Chouciño falar dun cambio de rumbo necesario no Concello de Culleredo e lle lembra que a oportunidade de cambio de rumbo a houbo fai mes e medio, no Pleno de constitución da Corporación, no que os membros do BNG se abstiveron permitindo que gobernarán os e as concelleiros e concelleiras que o están facendo; di que os veciños de Culleredo votaron por un cambio e os partidos políticos que estiveron na oposición no período 2019-2023 obtiveron máis dun 65% de respaldo polo que teñen a obriga moral de exercer con responsabilidade o cambio que demanda a poboación de Culleredo, motivo polo que o Partido Popular intentou chegar a un acordo de goberno co BNG, cousa que resultou imposible, tentándoo ata en tres ocasións que non foron aceptadas porque o partido do BNG o prohibiu; que fixeron unha primeira chamada, e unha segunda, e que tiñan unha cita que foi cancelada no último momento e unha segunda cita que nunca chegou; di que o BNG agora fala de 50 medidas previas para poder chegar a un acordo co actual equipo de goberno, o que indica covardía e demagogia por parte do Sr. Chouciño, cómplice de que o actual alcalde siga no seu cargo, antepoñendo a disciplina de voto do BNG aos intereses de Culleredo; di que o Sr. Chouciño non ten a valentía política de presentar, xunto co Partido Popular, unha moción de censura ao alcalde actual e formar equipo de goberno xunto co PP para poder levar a cabo as propostas de goberno que agora lle esixe ao Sr. Rioboo; que o Partido Popular tiña case cen propostas de goberno para presentarlle ao BNG na reunión que nunca tivo lugar polo que, mentres o BNG se queda a decidir que vai facer cos anos de oposición que teñen por diante, o Partido Popular defende que os responsables públicos teñan unha remuneración pola súa dedicación, materia sobre a que non se pode nin se debe facer demagogia, debéndose asumir a responsabilidade que lles corresponde apoiando que os que se van adicar de forma exclusiva a defender os intereses dos veciños e das veciñas de Culleredo, tanto membros de goberno como os da oposición, sexan remunerados por iso, engadindo que dito apoio non vai máis aló do pleno que se está a celebrar e da votación do punto que se está a debater.

Di que hai que deixar fóra o oportunismo e a demagogia e activar a lexislatura e non se pode iniciar un proceso sen poñer unhas bases, sendo todo o demais ruído e retórica e que negarse na saída á proposta que se debate é dilatar as solucións e bloquear a lexislatura, debendo exercerse unha oposición seria e responsable; que os membros do grupo Partido Popular propoñen avanzar e

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

comezar o traballo e aceptar a responsabilidade de ser xulgados por iso, con transparencia, sen demagogia e sen propostas disfrazadas.

O Sr. Alcalde-presidente responde que desde o Partido Socialista respectan o xogo democrático e a democracia ten de bo que son os cidadáns os que deciden como se conforman as distintas corporacións municipais, con maiorías ou sen elas, obrigando a todos os que teñen sentimentos de responsabilidade a buscar todo tipo de apoios cando non se conta con maioría. A el lle gusta ser moi respectuoso coas reunións que se manteñen a nivel de grupos políticos, porque son eles, tanto a nivel local como a nivel rexional ou nacional, os que marcan as pautas de como se deben establecer os acordos de goberno e así vese que tras as eleccións xerais se fala de bloque de dereitas ou bloque de esquerdas. Repite que lle gusta ser moi respectuoso cos documentos dos distintos grupos sen facelos públicos. Desde o primeiro día el tendeu a man a un acordo de goberno, entendendo que se lle reprocharan certas cuestións se tiveran maioría absoluta. Aproveita para dicir que é nos xulgados onde hai que denunciar se pensan que o Sr. Rioboo e o seu equipo cometen irregularidades, e non prestarse a un xogo político tan sucio como o que fai o BNG e que leva facendoo xa na lexislatura anterior; porque de momento a denuncia que se fixo contra a súa persoa quedou arquivada, e o Consello de Contas o que fai é dicirlle aos funcionarios como se teñen que facer as cousas e así o están facendo.

C.I.F. P-1503100-H

Dille ao Sr. Chouciño que é moi fácil disparar dende a oposición e novamente o invita a entrar no Goberno e facer as cousas que quere facer, pois falou de cincuenta propostas que o goberno socialista, con moita máis educación, resumiu en moitas menos, esquecendo anteriores lexislaturas porque cada catro anos hai que resetear e abrir novas negociacións, conformando as corporacións en función do que dixeran os cidadáns, que son os que deciden a representatividade de cada grupo. Eles teñen oito concelleiros e, xunto co BNG, chegarían a doce, polo que se podería ter asinado un documento para gobernar aceptando todo o que o BNG dicía, elaborando un documento moito máis respectuoso que o presentado polo BNG, e así vería que todo o que se fai ten un motivo pero é moito máis fácil facer oposición

No país hai dous bloques moi diferenciados e cada vez se tende máis ao bipartidismo, sendo unha pena que non aproveitaran a oportunidade que lle deron as urnas para gobernar, con amplitude de miras, esquecendo personalismos, gobernando e non traendo propostas que se poderían facer participando no goberno.

A man do partido socialista segue aberta ao BNG, por convicción, porque o din os dous partidos, que piden un acordo, dándolle as competencias necesarias para que o Sr. Chouciño non só fiscalice ao Goberno municipal senón para que actúe como goberno.

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Agradece o talante dos restantes grupos municipais respecto dos soldos porque ese debate, a futuro, non vai ter lugar en ningún pleno porque, tal e como pensan todos os alcaldes, de calquera partido político, cando se conforman as corporacións debe haber, por lei, unha consignación orzamentaria para facilitar a gobernabilidade pois do contrario un Concello como o de Culleredo, con máis de 30.000 habitantes, resultaría ingobernable sen dedicacións exclusivas, sendo algo que debería quedar xa asignado no pleno de investidura. Insiste en que a súa man segue tendida para formar un goberno progresista co BNG para cincuenta ou cen medidas pero sempre nunha linguaxe de cordialidade, como o que sempre caracterizou ao partido socialista, e por iso el non vai entrar en calificativos como o que empregou a Sra. García Gorostizu tachando ao BNG de covardía pero si quere dicir que hai que ter a valentía de gobernar porque para iso se presentan ás eleccións, para gobernar.

A continuación solicita de novo o uso da palabra a voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, respondelle ao Sr. Rioboo que entende que bote de menos ao BNG á hora de gobernar pero entenden que desde a oposición tamén se fai política, tal como levan facendo xa desde fai uns anos, decidindo agora seguir facéndoo así porque é moi necesario. Non entende a que veñen as chamadas aos personalismos e o que se comenta en prensa porque pensa que el nunca se sentou co Sr. Rioboo nin a tomar un café e non tiveron discrepancia ningunha, sendo a única relación sentarse nos plenos e falar de política, falando no pleno de grandes pactos de política nacional pero para nada falou de políticas de Culleredo nin fixo unha soa autocrítica porque consideran que non hai nada mal. Considera que, complementariamente, o que están afirmando, por omisión, é que pensan seguir igual, sendo este o motivo polo que o BNG decidiu facer oposición porque igual non se pode seguir. Suxere que o PSOE meta no goberno ao PP porque ao fin e ao cabo comparten as mesmas políticas, dando xa o primeiro paso polo que veñen de escoitar. O PSOE falou de ingobernabilidade cando a proposta do BNG está ben clara, falando de cen días nos que se o Sr. Alcalde puidera demostrar vontade de cambiar, fixera autocrítica e asumira que a mesma poboación os castigou polas condutas do pasado e aceptara que non todo pode seguir igual. Nos últimos catro anos o equipo de goberno non tivo publicada a axenda na web municipal, tal como esixe a Lei, para poder saber onde está o alcalde cando no acude a un pleno ou cando a diario non está no Concello, non podendo verificarse que os membros do equipo de goberno gañaran o seu salario nos últimos catro anos polo que ben poderían tirar do aforrado durante os cen días que propón o BNG, engadindo que moito máis tiveron que tirar do aforrado os autónomos durante os dous anos de pandemia. Suxire que se asuma o reto e despois de cen días sen cobrar e con propostas de cambio se realice un pleno para verificar o grao

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

de cumprimento pero o que se está a dicir é que o PSOE quere seguir afondando nas mesmas políticas e con novos casos.

A continuación, diríndose á Sra. García Gorostizu, sinte moito que estea enfadada por non ser alcaldesa pero non tivo os apoios suficientes, engadindo que ao seu Partido o único que lle serve é gobernar, sexa polo civil ou polo criminal, e tanto pactan con VOX como co BNG como se se tratara dunha feira. Para o BNG isto non é unha feira e non confía no PP de Culleredo nin para gobernar unha comunidade de veciños tal como se está vendo, pedindo que aclare se este pacto a cambio de cinco salarios vai acompañado dalgunha medida a favor da veciñanza, pois do contrario pensarase que venden os seus votos en beneficio propio pois falou de cambio pero sen ningunha proposta de cambio de rumbo nas políticas do goberno municipal, facendo simplemente oposición da oposición, falando de covardía e demagogia, de covardía porque o BNG lle planta oposición ao goberno municipal nun punto fundamental no que parece que ninguén máis está disposto a asumir, perdendo a oportunidade de falar de políticas, facendo oposición da oposición para ocultar que teñen un pacto para repartir postiños e salarios.

Remata dicindo que por suposto que o BNG non ten nada que ver co PP e que eles van votar en contra da proposta que se presenta neste punto, invitando ao resto da Corporación a reflexionar e deixar esta proposta pendente durante cen días para poder avaliar a actividade do goberno e valorar un cambio de rumbo pois iso é o máis valente e o máis sensato que se pode propoñer.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu, quen, unha vez concedido, di que eles teñen claro que para eles o primeiro é a defensa dos intereses da veciñanza de Culleredo, por riba de calquera sigla e de calquera disciplina de voto, e iso é o que van seguir facendo os catro anos de lexislatura. Os membros do seu Grupo presentáronse ás eleccións cun programa electoral que van intentar cumprir na súa maior parte pois para iso os veciños os votaron e apoiaron, sendo esa a labor que van ter os membros do Partido Popular de Culleredo como líder da oposición e ao servizo dos veciños de Culleredo.

O Sr. Alcalde-presidente comenta que o seu Grupo segue coa man tendida aos grupos progresistas para facer un pacto de goberno e falarán con todos os grupos para sacar adiante os puntos de interese dos cidadáns para o que solicitarán o voto no Partido Popular, en Alternativa, en BNG e onde faga falta.

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, con dezasete (17) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Partido Popular de Culleredo (7), e Alternativa dos Veciños (2); e catro (4) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo; o Pleno municipal acorda:

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Primeiro.- Aprobar a dedicación exclusiva, en réxime de xornada completa, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social:

- Primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes: Percibirá 45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Segunda Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Urbanismo. Percibirá .45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Cuarta Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos: Percibirá 45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Quinta Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cultura: Percibirá 45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Un/unha concelleiro/a do Grupo Partido Popular de Culleredo: Percibirá 45.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.

C.I.F. P-1503100-H

Segundo.- Aprobar a dedicación parcial, en réxime que en cada caso se especifica dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social:

- Terceira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior: Percibirá 36.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime 75%, dedicación mínima 6,50 horas diarias de luns a domingo)
- Sexto Tenente de Alcalde, concelleiro delegado da Área de Dinamización Social: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5,00 horas diarias de luns a domingo).
- Sétimo Tenente de Alcalde, concelleiro delegado da Área de Comercio, Industria e Turismo: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5,00 horas diarias de luns a domingo).

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- Un/unha concelleiro/a do Grupo Partido Popular de Culleredo: Percibirá 36.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha adicación do 75% da xornada).
- Un/unha concelleiro/a do Grupo Partido Popular de Culleredo: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha media adicación do 50% da xornada).
- Un/unha concelleiro/a do Grupo Bloque Nacionalista Galego de Culleredo: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha media adicación do 50% da xornada).
- Un/unha concelleiro/a do Grupo Bloque Nacionalista Galego de Culleredo: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha media adicación do 50% da xornada).
- Un/unha concelleiro/a do Grupo municipal Alternativa dos Veciños: Percibirá 22.500 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (unha media adicación do 50% da xornada).

C.I.F. P-1503100-H

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 14 parágrafo 4 do regulamento orgánico municipal, declarar expresamente a compatibilidade dos concelleiro delegados con dedicación parcial antes aprobados.

Cuarto.- Os concelleiros/as con dedicación exclusiva ou parcial serán nomeados polo alcalde. No caso das dedicacións dos grupos Popular, BNG e Alternativa dos Veciños o nomeamento farase previa proposta do grupo municipal. Os nomeados deberán aceptar expresamente o nomeamento.

Esta designación só suporá dedicación exclusiva ou parcial, se se acepta expresamente por cada concelleiro asignado, circunstancia que se comunicará ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

Quinto.- A contía das retribucións fixadas nos apartados anteriores será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, de acordo co que sinala a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.

Sexto.- Os concelleiros con dedicación exclusiva ou parcial serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda, agás o disposto no artigo 74 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

No suposto de dedicacións exclusivas (con carácter total), a percepción de tales retribucións será incompatible con outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Sétimo.- Tan só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, e na contía fixada polo Pleno.

Oitavo.- Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia o presente acordo.

11.- PROPOSTA SOBRE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.

Transcríbese a proposta do Sr. alcalde, de data 28/07/2023 (código de documento USG17I040L), que transcrita literalmente di:

C.I.F. P-1503100-H

«PROPOSTA

INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS

A Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 75.3, que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación da que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

Para os efectos previstos no artigo 75.3 e 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co previsto no artigo 13.5 e 6 do RD 2568/1986, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- *Determinar o importe das retribucións que percibirán os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais que se indican:*

Por asistencia a cada sesión do Concello Pleno 450 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Voceiros 200 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Goberno Local 200 euros
Por asistencia a cada sesión das Comisións Informativas Permanentes . 250 euros
Por asistencia a cada sesión das Comisións Informativas Especiais 250 euros

Segundo.- *Para a aplicación do presente acordo, teranse en conta as seguintes consideracións:*

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- 1) *Percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva e parcial.*
- 2) *Só se percibirá unha indemnización por día e en caso de coincidencia dalgún dos órganos colexiados no mesmo día percibirase a indemnización do órgano de maior cuantía.*
- 3) *A efectos do control presupostario, computaranse as asistencias a tódalas sesións celebradas do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros, sexan ordinarias ou extraordinarias, cos seguintes límites máximos:*
 - 16 sesións plenarias ao ano
 - 04 sesións da Xunta de Goberno local ao mes
 - 16 sesións da Xunta de Voceiros ao ano
 - 16 Comisións informativas ao ano»

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras, quen, unha vez concedido, di que a súa pregunta está relacionada co punto anterior tamén pois na proposta que se debate neste punto exclúese da percepción de retribucións por asistencias aos concelleiros e concelleiras con dedicación exclusiva e parcial e na proposta do punto anterior, no punto sétimo, dise que os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, sen mencionar as dedicacións parciais, polo que hai unha pequena contradición e solicitan a súa aclaración.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que non percibirán retribucións por asistencias tanto os concelleiros e concelleiras que teñan dedicación exclusiva como os e as que teñen dedicación parcial.

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, con dezasete (17) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Partido Popular de Culleredo (7), e Alternativa dos Veciños (2); e catro (4) abstencións, as dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo; o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Determinar o importe das retribucións que percibirán os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais que se indican:

Por asistencia a cada sesión do Concello Pleno	450
euros	
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Voceiros	200
euros	
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Goberno Local	200
euros	

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Por asistencia a cada sesión das Comisións Informativas Permanentes . 250 euros

Por asistencia a cada sesión das Comisións Informativas Especiais 250 euros

Segundo.- Para a aplicación do presente acordo, teranse en conta as seguintes consideracións:

1) Percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva e parcial.

2) Só se percibirá unha indemnización por día e en caso de coincidencia dalgún dos órganos colexiados no mesmo día percibirase a indemnización do órgano de maior cuantía.

3) A efectos do control presupostario, computaranse as asistencias a tódalas sesións celebradas do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros, sexan ordinarias ou extraordinarias, cos seguintes límites máximos:

- 16 sesións plenarias ao ano
- 04 sesións da Xunta de Goberno local ao mes
- 16 sesións da Xunta de Voceiros ao ano
- 16 Comisións informativas ao ano

C.I.F. P-1503100-H

12.- PROPOSTA SOBRE DETERMINACIÓN NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL EVENTUAL.

Transcríbese a proposta do Sr. alcalde, de data 28/07/2023 (código de documento USG17I040M), que transcrita literalmente di:

«PROPOSTA.- DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL.

A Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, regula o persoal eventual no artigo 104, de acordo co seguinte detalle:

«1. El número, características y retribuciones del personal eventual será determinado por el Pleno de cada Corporación, al comienzo de su mandato. Estas determinaciones sólo podrán modificarse con motivo de la aprobación de los Presupuestos anuales.

2. El nombramiento y cese de estos funcionarios es libre y corresponde al Alcalde o al Presidente de la entidad local correspondiente. Cesan automáticamente en todo caso cuando se produzca el cese o expire el mandato de la autoridad a la que presten su función de confianza o asesoramiento.

3. Los nombramientos de funcionarios de empleo, el régimen de sus

retribuciones y su dedicación se publicarán en el «Boletín Oficial» de la Provincia y, en su caso, en el propio de la Corporación.»

A citada Lei 7/1985, no seu artigo 104 bis, establece os límites e normas aos que deberán axustarse as dotacións de postos de traballo nos que a cobertura corresponda a persoall eventual nos concellos, indicando no apartado 1.d) que os concellos de municipios con poboación superior a 20.000 e non superior a 50.000 habitantes poderán incluír nas súas plantillas postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder de sete.

O pasado día 17 de xuño de 2023, previa convocatoria dos concelleiros e concelleiras que foron proclamados electos pola Xunta Electoral de Zona de A Coruña como consecuencia dos resultados das últimas eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 28 de maio, quedou constituída a nova Corporación municipal.

De acordo co indicado,

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- *Aprobar a relación e creación dos postos de persoal eventual que exercerá funcións de confianza e asesoramento especial e en ningún caso poderán exercer funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas, coa denominación e retribucións que corresponden aos funcionarios deste concello dos grupos A2 e C1, cos complementos de destino e puntos ao obxecto de determinar o complemento específico que a seguir se indican:*

PERSOAL EVENTUAL GRUPO DE GOBERNO:

- **DENOMINACIÓN:** *Asesor/a técnico/a*
- **NÚM.:** *Dous (2) postos*
- **DEDICACIÓN:** *xornada completa*
- **RETRIBUCIÓN:** *equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Lexislativo 5/2015: Grupo A, Subgrupo A2, nivel complemento destino 22, complemento específico 195 puntos.*

- **DENOMINACIÓN:** *Secretario/a da Alcaldía e Grupo de goberno*

- **NÚM.:** *Dous (2) postos*

- **DEDICACIÓN:** *xornada completa*

- **RETRIBUCIÓN:** *equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Lexislativo 5/2015: Grupo C, Subgrupo C1, nivel complemento destino 20, complemento específico 105 puntos.*

PERSOAL EVENTUAL GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

- **NÚM.:** *Dous (2) postos*

- **DEDICACIÓN:** *xornada completa*

Código do documento	Código do expediente
USG17105QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

- **RETRIBUCIÓN:** equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Lexislativo 5/2015: Grupo C, Subgrupo C1, nivel complemento destino 20, complemento específico 105 puntos.

Segundo.- As altas do persoal eventual daranse primeiro aos compoñentes do Goberno e correlativamente ao resto dos grupos en función dos votos obtidos.

Terceiro.- A contía das retribucións fixadas no apartado anterior será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, de acordo co que sinale a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.

Cuarto.- O seu réxime xurídico será o previsto no art. 12 da RD Lexislativo 5/2015, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, no art. 104 da Lei 7/1985; no art. 176 do RD Lexislativo 781/1986; nos arts. 232 e 250 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; no art. 20.2 da Lei 30/1984 e demais normativa concordante.

Quinto.- O nomeamento de funcionarios de emprego ou eventuais para os postos de traballo sinalados, o seu réxime de retribucións e a súa dedicación publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.»

A Presidencia abre a quenda para o debate.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do BNG, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que o persoal eventual é aquel que nomea o cargo que ten a capacidade de facelo, e non son funcionarios públicos de forma estrita senón que é persoal que cesa o día que cesa o cargo que os nomeou, deixando de ter relación contractual algunha co Concello, importante recordalo porque nas últimas eleccións viuse como a exsecretaria do Sr. Alcalde estaba facendo a labor que lles corresponde aos funcionarios nunha mesa electoral.

O Sr. Alcalde intervén e di que non sabe a que se refire o Sr. Chouciño Garrido.

O voceiro do BNG explica que a exsecretaria do Sr. Alcalde, neste momento sen vinculación co goberno municipal, estaba facendo o labor de constitución dunha Mesa.

O Sr. Alcalde lle pregunta ao Sr. Chouciño onde ocorreu o que vén de dicir.

Responde o Sr. Chouciño que foi na Mesa do Centro Social de Vilaboa.

O Sr. Alcalde-presidente di que non, que nas eleccións nacionais iso non ocorreu e que o Sr. Chouciño Garrido está equivocado.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e lle di ao Sr. Alcalde que, a maiores do persoal eventual que solicita na proposta que presenta neste punto, ten un servizo no Concello que non ten ningún outro concello do tamaño do de Culleredo en toda a redonda, cal é o Gabinete de Alcaldía, no que o propio xefe de servizo, en sede xudicial, ten dito que as características do seu posto son máis propias de persoal eventual que de funcionario polo que o Gabinete da Alcaldía que ten Culleredo ben dotado de persoal xa é o grupo de persoas de

62 de 65

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

confianza para asesorar ao alcalde. Polo tanto, ao modo de ver do BNG, se no punto que se está a tratar se aprobara a proposta que se presenta, se estaría duplicando o persoal eventual co que conta calquera concello polo que, ou se desmantela o servizo de Gabinete da Alcaldía ou non se pode aprobar a proposta deste punto. Recorda, a maiores do exposto, que para determinar os postos de persoal eventual hai que motivalo determinando as funcións que van desempeñar como se fai noutros concellos.

Dille ao Sr. Alcalde que el vai ter unha remuneración da Deputación por dedicación exclusiva alí o que quere dicir que vai ter que traballar exclusivamente para a Deputación, centrando o seu esforzo nese organismo, o que parece indicar que o actual goberno vai ser unha continuidade do anterior no que o Sr. Alcalde faltaba a plenos, faltaba a comisións informativas, a reunións das xuntas de voceiros e ao máis importante, a reunións concertadas coa veciñanza, sendo a resposta máis habitual que era por motivos de axenda da Deputación, polo que agora iso se vai incrementar e Culleredo terá un alcalde ausente pois vai ter dedicación exclusiva na Deputación.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-presidente e di que ás veces o xefe de Gabinete noutros concellos chámase xefe de Prensa e noutros director xeral, ou outras denominacións Decidiuse, en Culleredo, nomealo como Xefe de Gabinete Técnico, funcionario municipal tal e como recolle a relación de postos de traballo que foi aprobada en sesión plenaria. Para cambiar estas cousas hai que gobernar. Non sabe que faría o BNG se gobernara e se tería unha persoa de confianza que fora funcionaria porque do contrario non tería capacidade resolutiva. Sempre é bo que as persoas que están a carón dos alcaldes poidan facer propostas, ditames, resolucións, etc.

Di que o persoal eventual non computa na relación de postos de traballo nin na taxa de reposición nin en nada polo estilo e que é algo que contempla a Lei, limitándoo no Concello de Culleredo a sete postos, sendo insuficiente para a Alcaldía os dous postos do servizo de Gabinete da Alcaldía.

O Sr. Chouciño Garrido di que na relación de postos de traballo aparecen catro postos en dito servizo e que, respecto de que faría o BNG se gobernara, indica que non tería dous equipos para facer o mesmo e menos cando hai grandes carencias de persoal en áreas clave como Urbanismo, Obras, Intervención, Contratación. Engade que o voto do BNG será en contra.

O Sr. Alcalde-presidente responde que donde o BNG goberna tamén existen postos de confianza. Engade, por ser didáctico e finalizar o debate, que non hai que faltar ás cousas porque unha cousa é o persoal de confianza, que non computa a efectos de reposición, e outra a relación de postos de traballo, a oferta pública de emprego, que non ten nada que ver co que se aproba no punto que se está a debater. A proposta é para todos igual e que cada un a pode coller ou non, segundo vexa convinte.

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, con dezasete (15) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8) e Partido Popular de Culleredo (7), catro (4) votos en contra, os dos

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, e dúas (2) abstencións, as dos representantes do grupo municipal Alternativa dos Veciños; o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación e creación dos postos de persoal eventual que exercerá funcións de confianza e asesoramento especial e en ningún caso poderán exercer funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas, coa denominación e retribucións que corresponden aos funcionarios deste concello dos grupos A2 e C1, cos complementos de destino e puntos ao obxecto de determinar o complemento específico que a seguir se indican:

PERSOAL EVENTUAL GRUPO DE GOBERNO:

- DENOMINACIÓN: Asesor/a técnico/a
- NÚM.: Dous (2) postos
- DEDICACIÓN: xornada completa
- RETRIBUCIÓN: equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Lexislativo 5/2015: Grupo A, Subgrupo A2, nivel complemento destino 22, complemento específico 195 puntos.
- DENOMINACIÓN: Secretario/a da Alcaldía e Grupo de goberno
- NÚM.: Dous (2) postos
- DEDICACIÓN: xornada completa
- RETRIBUCIÓN: equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Lexislativo 5/2015: Grupo C, Subgrupo C1, nivel complemento destino 20, complemento específico 105 puntos.

PERSOAL EVENTUAL GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

- NÚM.: Dous (2) postos
- DEDICACIÓN: xornada completa
- RETRIBUCIÓN: equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Lexislativo 5/2015: Grupo C, Subgrupo C1, nivel complemento destino 20, complemento específico 105 puntos.

Segundo.- As altas do persoal eventual daranse primeiro aos compoñentes do Goberno e correlativamente ao resto dos grupos en función dos votos obtidos.

Código do documento	Código do expediente
USG17I05QW	USG/2023/135
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0A6L 2E2I 4130 4665 11VW	

Terceiro.- A contía das retribucións fixadas no apartado anterior será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, de acordo co que sinale a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.

Cuarto.- O seu réxime xurídico será o previsto no art. 12 da RD Lexislativo 5/2015, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, no art. 104 da Lei 7/1985; no art. 176 do RD Lexislativo 781/1986; nos arts. 232 e 250 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; no art. 20.2 da Lei 30/1984 e demais normativa concordante.

Quinto.- O nomeamento de funcionarios de emprego ou eventuais para os postos de traballo sinalados, o seu réxime de retribucións e a súa dedicación publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as once horas e trinta minutos (11:30 h.) do día expresado "*ut supra*", a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario municipal dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde, e do secretario municipal, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26/09/2023, segundo o borrador asinado o día 29/08/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario municipal, que dá fe.

O Alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

O Secretario municipal
(Asinado dixitalmente)